



Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

INFORME 2017

iet
INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO

XUNTA DE GALICIA

Presentación.....	5
Introdución 7	
1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial.....	9
Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI).....	9
<i>Criterios</i> que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:	13
Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.....	13
Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio	14
Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio	16
Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial	17
Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural	19
Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural	20
Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental	22
Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia	23
2. Eficacia das Directrices de ordenación do territorio	24
Ocupación do territorio (OC).....	24
Subbloque Usos do solo	25
Subbloque Intensidade	26
Subbloque Riscos	44
Paisaxe	47
Subbloque Dinámica da paisaxe	47
Subbloque Xestión da paisaxe	49
Patrimonio natural	50
Subbloque Biodiversidade	51
Subbloque Xestión	52
Patrimonio cultural	54
Subbloque Abundancia e diversidade	54
Subbloque Valorización	55
Sociedade e economía	56
Subbloque Espectro social	57

Subbloque Complexidade.....	62
Subbloque Emprego e formación	65
Subbloque Autosuficiencia	67
Subbloque Innovación	70
Subbloque Agricultura e gandería	73
Subbloque Pesca e acuicultura	77
Subbloque Aproveitamento forestal	79
Subbloque Turismo	80
Metabolismo	82
Subbloque Enerxía.....	82
Subbloque Ciclo hídrico	86
Subbloque Ciclo de materiais	88
Subbloque Atmosfera e cambio climático.....	90
3. Síntese.....	91

Anexos

Anexo I. Traballo desenvolvido polos GTT e resumo dos indicadores

Anexo II. Indicadores IDI e IST

Anexo III. Metodoloxía

Data do Informe: setembro 2017

Presentación

O Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) ten como obxectivo realizar a avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial e de urbanismo que desenvolven as Directrices de ordenación do territorio.

A partir do ano 2014, como consecuencia da aprobación do Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, o Instituto de Estudos do Territorio vén publicando un informe anual no que se analizan os resultados das ferramentas definidas para coñecer a evolución das variables de sustentabilidade e a súa correlación co grao de desenvolvemento das DOT.

Estes informes reflicten o traballo da Comisión de seguimento das DOT, órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas súas actuacións, que será a responsable de desenvolver e adaptar as distintas ferramentas deste sistema de seguimento.

Os indicadores —IDI e IST— e a Enquisa de Percepción Territorial e Urbánística (EPTU) son os tres elementos de avaliación nos que se apoia este Plan para dar resposta ás cuestións suscitadas sobre o grao de cumprimento das determinacións das DOT, a súa eficacia e a percepción que sobre o seus efectos ten a cidadanía. Así mesmo, o Informe anual recolle aqueles plans, programas ou actuacións con repercusión nas variables de sustentabilidade que levan a cabo as Administracións Públicas.

Se os Indicadores de Desenvolvemento e Implementación (IDI) reflicten o grao de cumprimento das obrigas concretas establecidas polas DOT, os Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST) axudan a obxectivar os efectos derivados da planificación territorial a partir dos valores obtidos para estes e da súa relación cos obxectivos ambientais, sociais e económicos establecidos polas DOT.

O Plan de seguimento deseñou unha metodoloxía de traballo e un procedemento cos órganos implicados: o Instituto de Estudos do Territorio, os grupos técnicos de traballo e a Comisión de Seguimento. Cos resultados acadados, o IET elabora un informe de seguimento que deberá ser aprobado pola Comisión de Seguimento.

Ate agora 17 grupos técnicos de traballo (GTT) definiron 69 indicadores (7 IDI e 62 IST) nestes catro anos. Neste informe analízanse un total de 54. A periodicidade varía en función das fontes que os alimentan e doutras cuestións como é a necesidade estudar períodos de tempo significativos para os que a variación dos datos son susceptibles de indicar unha tendencia, especialmente en aqueles que presentan unha importante volatilidade por factores non sempre relacionados coa variable que se está a medir.

Os diversos documentos do informe recollen, con distinto grao de detalle os resultados das ferramentas do Plan; así, nos anexos inclúense tanto as fichas completas de cada un dos indicadores como unha táboa coa avaliación da tendencia que amosa a serie temporal estudada. No corpo do informe, os indicadores, ilustran con datos a análise das distintas estratexias que as DOT propoñen para unha Galicia sustentable e cohesionada.

A partir deste informe, elaborárase a Memoria que o Consello da Xunta remitirá ao Parlamento de Galicia en aplicación do artigo 10 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

Este informe e todos os indicadores publicaranse na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e de xeito complementario, publícanse na web do IGE os indicadores incluídos na operación estatística “11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio” nas seguintes ligazóns:

- <http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion>;
- <http://cmaot.xunta.gal/indicadores>
- <https://www.ige.eu/web>

Introdución

O Informe 2017 constitúe a cuarta edición do Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial (PSST). As obrigas que emanan da Memoria ambiental das DOT fan que o Instituto de Estudos do territorio, organismo adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, publique anualmente un informe no que se avalían as políticas das administracións públicas en relación aos seus efectos sobre a sustentabilidade territorial e a cohesión social da Comunidade Autónoma.

Esta avaliación baséase fundamentalmente nas tres ferramentas que definiu o Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial: os indicadores IDI, que miden o grao de cumprimento das obrigas que en materia de planificación ditan as DOT; os indicadores IST que avalían a eficacia do establecido cara á sustentabilidade e a enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU) que ten o obxectivo de coñecer como percibe a cidadanía o desenvolvemento das DOT.

O informe 2017, na primeira parte, fai unha análise das distintas estratexias propostas polas DOT para acadar os obxectivos expostos a partir das distintas políticas que as administracións públicas están levando a cabo, analíse que se concreta e complementa a partir da tendencia que amosan os distintos indicadores calculados ao longo destes anos de vixencia do Plan

Nunha segunda parte, dáse conta dos resultados dos indicadores calculados, estruturados en sete variables: Ocupación do territorio, Paisaxe, Patrimonio Natural, Patrimonio Cultural, Sociedade e economía, Metabolismo e Mobilidade.

No ano 2017, 14 GTT aportaron datos para a actualización ou a implementación de indicadores. Neste informe avalíanse un total de 54, dos cales 50 son actualización e catro son incorporados por primeira vez a este plan. Estes indicadores novos son: *Dinámica urbanística*, sobre o grao de execución da planificación urbanística, *Demandantes de vivenda protexida*, que actualiza a demanda real de vivenda protexida asociada aos concellos; *Risco de asolagamento*, que informa sobre a poboación que ocupa chairas de inundación, todos eles do bloque *Ocupación do territorio*, e do bloque *Metabolismo* se incorpora *Variación do estado das masas de auga*.

O Informe inclúe cinco anexos nos que, ademais de incorporar as fichas dos indicadores actualizados en 2017, se da conta dos procedementos e

métodos empregados, e da tendencia que amosan os distintos indicadores na serie temporal estudada.

No Anexo I recóllese a relación entre as determinacións e obxectivos das DOT e os distintos indicadores, así como unha táboa resumo da evolución dos indicadores do PSST.

No Anexo II inclúese a totalidade das fichas dos indicadores, tanto os de Desenvolvemento e Implantación (IDI) como os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) incluídos no PSST. A análise dos IDI permite avaliar en qué medida as administracións están a cumprir cos compromisos derivados das determinacións das DOT no ámbito das súas competencias, é dicir, se están dando resposta aos compromisos que a Comunidade Autónoma se impón no desenvolvemento dos seus instrumentos de planificación territorial. Os IST informan da evolución de variables ambientais e socioeconómicas.

Por último, no Anexo III recóllese a xestión dos grupos técnicos de traballo (GTT) para a definición e concreción das ferramentas do plan de seguimento: obtención dos indicadores de sustentabilidade, achegas para os indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) e a enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU).

O informe 2017 non difire substancialmente do anterior xa que moitos dos indicadores non presentan variación con respecto aos resultados de anos pasados mentres que outros ratifican as consideracións feitas. Aínda así, este informe 2017 recolle a maioría deles co fin de reunir nun só documento a radiografía actualizada do sistema de seguimento.

1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial

Cara a un territorio sustentable

Enmarcado nas liñas estratéxicas que propoñen as DOT para Galicia, faise un percorrido que abrangue, por unha banda, o grao de desenvolvemento dos instrumentos de planificación a través dos indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI), e por outra, o maior ou menor grao de eficacia das políticas levadas a cabo pola Administración cara a un territorio máis sustentable.

Para isto, ademais dos resultados obxectivos acadados polos distintos plans ou programas despregados no territorio, en liña coas estratexias definidas nas DOT, os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) permiten medir, unhas veces, os avances realizados para acadar determinados obxectivos, outras, as presións exercidas sobre o ambiente polas actividades humanas e outras veces, reflicten as actividades realizadas para mitigar os problemas detectados.

En particular, os indicadores ambientais pretenden dar resposta a cuestións como *Qué está a afectar ao ambiente e qué se está facendo acerca destas situacións?*. Uns miden o esforzo que se está levando a cabo, outros miden a eficiencia destes esforzos e outros dan información das condicións do ambiente.

A avaliación a través de indicadores facilita a lectura, en termos de tendencia e, de aspectos clave para a sustentabilidade, e reduce a incerteza sobre o que se coñece dos sistemas, aínda que non a elimina.

Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

Actualízanse os indicadores referidos aos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, que avalían o grao de desenvolvemento das DOT a través deses instrumentos ao incorporar estes os criterios de sustentabilidade.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, que abrangue máis de 215.000 hectáreas e ao 57% da poboación galega. Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume, está a desenvolver o modelo territorial proposto polas DOT para unha cunca hidrográfica (determinación 10.1.2.c). Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración. Estes plans teñen diferentes ámbitos territoriais en función da súa natureza ou sector ao que responden. Os Plans sectoriais da rede viaria atenden a distintas provincias, o Plan de acuicultura litoral esténdese no ámbito litoral, mentres que o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais abrangue a totalidade da Comunidade Autónoma.

Na táboa 1 recóllese o estado de desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio, que non varía con respecto ao informe anterior, e na táboa 2 o dos instrumentos de planificación urbanística.

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio

Indicador	Nome	Estado	Superficie	Poboación*
Plans territoriais integrados	Plan de ordenación do Litoral (POL)	Aprobado	2.153,62 km ²	1.558.504
	PTI da bacía hidrográfica do río Eume	En trámite	470,06 km ²	55.923
Plans sectoriais	PS. de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico "Cidade do Mar"	Aprobado	109,06 km ²	-
	PS de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	Aprobado	200.000 m ²	2.718.525
	Plan director de acuicultura do litoral	En trámite	-	-
	PS da rede viaria de Lugo e a súa área de influencia	En trámite	464 km ²	-
	PS da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia	Aprobado	432.03 km ²	-
	PS de actividades extractivas na Comunidade Autónoma de Galicia	En trámite	-	-
	PS de aparcadoiros disuasorios	En trámite	-	-
	PS de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia	Aprobado	5.218,46 ha.	-
	Plan forestal de Galicia	En trámite	-	-
Programa coordinado de actuación				

* Decembro 2016. Concellos completos

O número de Plans Xerais de Ordenación Municipal avalía, no terceiro nivel da planificación en ferverza, o grao de desenvolvemento e de implantación destes instrumentos de planeamento, aprobados e adaptados ao modelo territorial definido nas DOT ou en elaboración. No período 2011-2017 aprobáronse 38 Planes Xerais de Ordenación Municipal e outros 178 atópanse en elaboración (**Ilustración 1**).

Os PXOM son instrumentos urbanísticos de ordenación integral nos que se contemplan as operacións de transformación urbanística do solo segundo as determinacións, de carácter xeral, establecidas pola planificación de rango superior. Neles establécese un réxime xurídico do solo e unha estrutura xeral da ordenación urbanística que fai compatible un desenvolvemento socioeconómico coa defensa e preservación dos ecosistemas.

Táboa 2. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística

Código	Indicador	Medidas
PA1	Número de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	Núm. PXOM aprobado
		Núm. PXOM en tramitación
PA2	Porcentaxe de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	% aprobados
		% en tramitación
PA3	Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT aprobado ou en elaboración	% superficie con PXOM aprobado
		% superficie con PXOM en tramitación
PB1	Desenvolvemento urbanístico	Núm. concellos

Neste último ano aprobáronse 5 novos PXOM, todos eles na provincia de Pontevedra, o que supón acadar un 12,10% dos concellos adaptados ás DOT, un 9,24% máis que no 2013. Se engadimos os 178 que están en elaboración acádase o 68,79% dos concellos galegos adaptados ou en proceso de adaptación, o que en termos de poboación supón un 63,79% e, en termos de superficie, un 68,53% da superficie galega.

No ámbito do Plan de ordenación do litoral, a porcentaxe de superficie con plan adaptado ou en elaboración é do 74,60% o que supón o 69,50% da poboación residente neste ámbito.

Os seguintes gráficos e mapas reflicten o estado e a evolución do planeamento xeral en Galicia, desagregado por provincias, municipios e segundo o sistema de asentamentos proposto polas DOT (**Ilustración 2 a Ilustración 5**).




Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2017




Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT

AU-RU: áreas e rexións urbanas; SUI-C cabeceiras do sistema urbano intermedio; SUI_Sc: subcabeceiras; NET: nodos para o equilibrio territorial; R-resto de concellos




Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2017






Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos



Estado do planeamento municipal

- Aprobado adaptado ás DOT
- En elaboración
- Non adaptado ás DOT

% concellos en elaboración



% concellos adaptados




Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2017

Co indicador **Desenvolvemento urbanístico** visualízase a xestión, a través dos distintos instrumentos que permiten a transformación urbanística do solo e constitúen o último nivel de concreción do modelo das DOT. Dende a aprobación das DOT aprobáronse, ou están en elaboración, 114 figuras de planeamento de desenvolvemento: 58 na provincia da Coruña, 7 en Lugo, 16 en Ourense e 33 en Pontevedra (**Ilustración 6**). Das sete áreas urbanas catro desenvolveron planeamento de desenvolvemento: Ferrol (3), Lugo (1), Pontevedra (6) e Vigo (6); atendendo o sistema urbano intermedio (SUI) dos 31 desenvolveron planeamento de desenvolvemento 6: Boiro, Sarria, Vilalba, Verín, A Estrada e Lalín.




Ilustración 6. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración (2011 – 2017)

Todas estas operacións urbanísticas desenvóléronse en 95 concellos (30,25%): 52 na Coruña, 7 en Lugo, 12 en Ourense e 26 en Pontevedra. Os concellos da Pobra do Caramiñal, Pontevedra e Vigo son os que aplicaron estes instrumentos en maior número, seis cada un.

A relación entre a evolución deste indicador e aqueles outros que miden as variacións dos usos da matriz biofísica, permite avaliar, nun período temporal significativo, a sustentabilidade dos procesos de ocupación do solo, de carácter artificial. A análise territorial e tipolóxica do desenvolvemento urbanístico constitúe un dos aspectos avaliábeis do fluxo de ocupación do solo, que deberá, no marco das DOT, garantir un desenvolvemento compatible coa defensa do medio natural na procura dun crecemento sostible e equilibrado nunha sociedade cada vez máis cohesionada.

Cráterios que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:

Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa

Harmonizar o desenvolvemento dos asentamentos co modelo territorial proposto é clave para acadar o obxectivo expresado como “Galicia, cidade única”. A recesión demográfica xeneralizada xunto coa despoboación de moitos dos asentamentos tradicionais do rural, fai que moitas veces, parroquias enteiras acaden unha densidade de poboación extremadamente baixa, moi por debaixo da media galega (91,9 habitantes por km²). Fronte a este valor medio ou o da mediana (37,4 hab/km²), que reflicte máis axeitadamente o comportamento xeral, sen as desviacións introducidas polos valores atípicos de concellos como A Coruña (6.331,0), Vigo (2.674,4), Ourense (1.253,1) ou Burela (1.249,4), o rural presenta unha densidade de 21,8 habitantes por km² o que supón unha redución significativa da densidade de poboación respecto deses valores. As parroquias clasificadas como Zona pouco poboada (ZPP) baixa representan o 91,3% da superficie de Galicia.

A planificación urbanística é unha das ferramentas para plasmar sobre o territorio o sistema xerarquizado de asentamentos destinado a acadar un equilibrio entre grandes cidades, cabeceiras e pequenas vilas que, actuando en conxunto, sexan quen de ofrecer os servizos básicos necesarios aos núcleos rurais do seu ámbito de influencia, garantindo, neste aspecto, unha calidade de vida similar á das zonas densamente poboadas.

Desde este enfoque e para estudar o consumo de solo, o indicador **Crecedemento previsto** (39,4%), analizado no informe anterior, amosaba, para algunhas partes do territorio, previsións de solos urbanizables que semellaban pouco realistas polo seu peso relativo en relación ao solo urbano existente e ás características demográficas e socioeconómicas do concello.

O indicador de **Dinámica urbanística** vén a confirmar o escaso realismo destas previsións en moitos destes concellos. Isto ten transcendencia, entre outras cuestións, polas expectativas de xeración de plusvalías derivadas da transformación urbanística do solo, que non chega a ser efectiva en moitos casos. Esta situación provoca con frecuencia o encarecemento duns terreos

de características máis propias do solo rústico, cun alto potencial produtivo pola súa aptitude agronómica, o que limita as posibilidades de expansión e permanencia do sector primario e penaliza os seus custos de produción.

O indicador de **Dinámica urbanística** analizou a evolución dos plans urbanísticos de 92 concellos co obxectivo de estudar a adecuación entre previsións de novos ámbitos de desenvolvemento e o desenvolvemento real. Abordouse esta análise para todos os concellos do sistema de asentamentos das DOT —sistema de cidades, sistema urbano intermedio e nodos para o equilibrio territorial— e para unha mostra dos restantes concellos. Mediuse, ademais da superficie transformada en valor absoluto e en termos relativos, a superficie transformada por ano de vixencia do instrumento de planificación urbanística e calculouse un índice que pon en relación o desenvolvemento do plan co período de vixencia deste.

Analizados os resultados, observouse que o ritmo de desenvolvemento urbanístico, aínda que variable segundo o concello de que se trate ou o período temporal que se estude, non resulta en moitos dos casos coherente coas previsións do plan municipal. De feito, numerosos ámbitos de desenvolvemento contemplados polo planeamento municipal, e aínda non transformados, son incorporados aos novos documentos no momento de redactar a súa revisión, o que non fai máis que confirmar esta análise. Esta planificación pouco realista dos crecementos pode habilitar ademais fenómenos de transformación abrupta dos ámbitos urbanos, que dean como resultado a incorporación ao feito urbano de amplas superficies de solo desligadas da trama preexistente, coa conseguinte incidencia na calidade paisaxística da contorna.

É previsible que futuras actualizacións dos indicadores do bloque Ocupación do territorio sinalen unha tendencia máis acorde coa realidade urbanística e social e cun maior grao de sustentabilidade futura. Por unha parte, o indicador **Superficie ocupada pola edificación** que amosa unha liña de crecemento menos acusada; o de **Vivendas familiares** que acusa un repunte; e por outra parte, o indicador **Crecedemento previsto** deberán reflectir a incorporación dos criterios de sustentabilidade e de racionalidade no consumo de solo que os plans urbanísticos adaptados ás DOT están obrigados a fixar como un dos seus obxectivos.

Para estes efectos, a dinámica demográfica debe ser un dos piares nos que se asente a xustificación de crecemento urbano, modulada pola situación do parque construído de vivendas baleiras e a demanda de vivenda, particularmente da vivenda protexida.

Dispoñer de datos fiables de demanda de vivenda protexida, permite axustar as políticas de vivenda ás necesidades reais da poboación no marco do indicado nas DOT, ao referirse á necesidade de planificar sobre un diagnóstico xustificado no que se contemplará, entre outras, as previsións demográficas. Diferenciar a demanda, segundo sexa o réxime de vivendas de protección oficial de promoción pública ou de promoción autonómica, contribúe á eficiencia das políticas de vivenda. Coñecer de xeito diferencial a demanda en núcleos rurais e históricos e atendela pode conducir á revitalización das zonas rurais e das zonas históricas de vilas e cidades. A demanda de vivenda, nestes ámbitos rurais e históricos, favorece a rehabilitación do patrimonio construído sobre a construción de vivenda nova, propiciando a conservación de valores paisaxísticos e culturais.

O **Rexistro único de demandantes de vivenda protexida** do IGVS pode ser unha ferramenta útil para dimensionar, nun aspecto substancial, as necesidades de crecemento dun concello. O indicador sinala que son as áreas urbanas, as cabeceiras e subcabeceiras as que precisan dunha maior dotación de vivenda suxeita a un réxime de protección.

O dimensionamento da necesidade de vivenda pública actualízase anualmente coa publicación das porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en cada concello de máis de 5.000 habitantes como consecuencia do regulado na Lei do solo de Galicia (art. 42) no ano 2016 e no seu regulamento (art. 77). En xuño de 2017 o número de demandantes ascendía a 12.117, dos cales algo máis do 87% correspondíase a vivenda de promoción pública.

Por outra banda, o crecemento urbano racional, harmónico e sustentable debe facerse en continuidade co xa construído, evitando incrementar a dispersión característica do poboamento en Galicia, a cal redonda nunha maior dificultade para dotar de servizos e nunha maior ineficiencia destes, chegando a facer inviable a cobertura á totalidade do territorio. O corpo normativo vixente vén a subliñar como obxectivo da expansión dos asentamentos humanos o da compacidade e a redución da dispersión.

Co fin de aportar información para a análise de como se está a planificar a expansión dos asentamentos e o seu grao de compacidade, o PSST inclúe entre os seus indicadores o **Grao de conurbación – Fragmentación urbana**, analizado no Informe2016. Este indicador presentaba un dato para toda Galicia próximo ao 40% dos perímetros dos novos desenvolvementos en contigüidade co solo urbano; porén, a observación dos resultados a nivel municipal reflectía unha grande disparidade de valores e fortes contrastes entre concellos que planifican os crecementos en contigüidade coa trama

urbana existente e aqueles nos que o solo urbano se sitúa desconectado desta. En particular, para concellos do último nivel do sistema de asentamentos, detectábanse municipios con valores máximos de crecemento previsto e con moi baixos valores de **Grao de conurbación-Fragmentación urbana** e ao mesmo tempo cun moi baixo nivel de transformación dos seus solos urbanizables.

Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio

“A paisaxe pode ser entendida como o marco no que inserir a análise territorial, xa que constitúe unha dimensión básica para a comprensión do territorio e de como ten sido a relación histórica dos habitantes con este.”

Os obxectivos básicos da Estratexia da paisaxe galega, renovada para o período 2017–2020, están en clara consonancia con esta liña estratéxica das DOT. A Estratexia desenvólvese a través de tres tipos fundamentais de accións: os instrumentos de protección, ordenación e xestión das paisaxes, as estratexias de integración paisaxística e a sensibilización, formación e divulgación da paisaxe.

Dentro dos primeiros, ao **Catálogo das paisaxes de Galicia**, aprobado en 2016, séguenlle as Directrices de paisaxe, documento en tramitación, que definirá as determinacións específicas para acadar os obxectivos de calidade paisaxística en cada unidade de paisaxe, ademais de distintas propostas de medidas e accións específicas para a recuperación da paisaxe dos ámbitos degradados. As directrices conterán unha serie de normas e recomendacións para os plans urbanísticos e sectoriais, para elementos presentes en distintos tipos de paisaxe (infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, Camiños de Santiago, viarios históricos e tradicionais, miradoiros e puntos de observación) e para as Áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) e as zonas degradadas ou Ámbitos de especial atención paisaxística (AEAP).

De acordo coa Estratexia da paisaxe galega, foron elaboradas unha serie de guías de boas prácticas e integración paisaxística co obxectivo de facilitar a labor dos diversos procesos sectoriais vinculados á ordenación, protección e xestión territorial:

- Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística (2012)
- Guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral (2013)
- Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais (2013)
- Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna (2014)
- Guía de caracterización e integración paisaxística dos valados (2017)
- Guía de Cor e Materiais (2017)

Esta última guía ten como finalidade establecer unha directrices técnicas, científicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais nos revestimentos arquitectónicos das edificacións nas paisaxes urbanas, rururbanas e rurais que redunden nunha mellora da calidade dos espazos públicos.

A elaboración e publicación de distintas guías de boas prácticas e integración paisaxística, ademais de propiciar un mellor acomodo das actuacións na paisaxe, mellora a formación e sensibilización neste tema, ao tempo que incrementa a divulgación e valoración da paisaxe.

Unha das tres accións nas que se vertebra a Estratexia da paisaxe galega é a sensibilización, formación e divulgación en materia de paisaxe. En paralelo aos estudos técnicos de paisaxe, creouse un programa didáctico e de difusión das paisaxes galegas, no que destaca o programa Paisaxe e sustentabilidade, integrado no plan de innovación docente Plan Proxecta. A este programa súmanselle a iniciativa Somos paisaxe, concursos fotográficos, rutas e percorridos interpretativos e outras iniciativas.

Como medio para continuar co proceso de participación pública, iniciado durante a elaboración o Catálogo das paisaxes de Galicia, e co fin de seguir recollendo a valoración e a opinión da poboación sobre a paisaxe galega, púxose en marcha o SIX Colaborativo de Imaxes da Paisaxe Galega. Trátase dunha ferramenta sinxela, construída grazas á colaboración de toda a cidadanía, e destinada a poñer en valor as paisaxes de Galicia e proporcionar un repositorio de información útil para a xestión da paisaxe.

O seguimento e control dos obxectivos de calidade paisaxística farase a través dos indicadores que definen as propias Directrices da paisaxe.

O indicador de **Diversidade paisaxística** avalía a estrutura e composición da paisaxe, a composición entendida como os tipos de coberturas que a compoñen, e a estrutura como a disposición, localización ou arranxo espacial dos tipos de coberturas ou manchas que a conforman. O indicador está baseado en métricas espaciais, atendendo exclusivamente á distribución e relación da cobertura agrícola e forestal, o que permite cuantificar de forma obxectiva a evolución da paisaxe e o cumprimento dos obxectivos de calidade paisaxística. A paisaxe agrícola presenta unha baixa diversidade que se acentuou no período 2011 – 2014. A cobertura agrícola dominante segue a ser a de "cultivos e prados" cun 24% da superficie, e cunha estrutura moi desigual en tamaño. O resto de coberturas presentan áreas medias pequenas pero moito máis uniformes. Por grandes áreas paisaxísticas, os valores máis altos para a diversidade de coberturas agrícolas corresponden ás áreas situadas no sur de Galicia, debido posiblemente a varias causas, entre elas a baixa intensificación da agricultura; polo seu carácter marxinal nas áreas máis urbanas (caso das Rías Baixas e Costa Sur-Baixo Miño), pola orografía das Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil ou polo acentuado abandono nas Serras Surorientais.

Os resultados do indicador para os datos do SIOSE 2014, amosan unha diminución en termos de diversidade forestal que en Galicia presenta un valor alto. As maiores perdas de diversidade forestal teñen lugar nas Serras surorientais e na Galicia setentrional.

O indicador **Índice de xestión das paisaxes** permite aproximarse ao obxectivo de calidade paisaxística enunciado na participación pública das Directrices da paisaxe como "Paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas" co obxectivo de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo criterios de sustentabilidade e da procura da mellora da calidade de vida da cidadanía. Canto máis alto sexa o índice de diversidade da paisaxe agroforestal maior será a variedade de manchas forestais e agrícolas e máis mesturadas estarán, indicando unha maior integración entre usos (existencia de sebes, pequenos rodais ou bosques lineais, pastos permanentes en zonas forestais,...).

Por comarcas paisaxísticas o valor do índice de diversidade agroforestal é moi semellante ao de diversidade agrícola. A fin de contas, as coberturas agrícolas son as máis abundantes en case tódalas comarcas e teñen un gran peso á hora de calcular o índice de diversidade de coberturas agroforestais. As comarca litorais do sur de Galicia, son as que presentan a maior diversidade agroforestal, namentres que as comarcas de Terra de Chantada e Alto Arnoia, son as que presenta a menor diversidade agroforestal de Galicia.

Dentro das políticas sectoriais que inciden na mellora da paisaxe destaca o **Plan HURBE**, que xurde como resposta á necesidade de humanización das vilas de Galicia e trata de articular unha estratexia de posta en valor destas pezas urbanas, claves para o equilibrio territorial, e dos núcleos rurais, que permita crear as condicións propicias para o seu desenvolvemento sustentable e mesmo para a súa mellora paisaxística. Para o período 2014-2017, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en colaboración coas entidades locais, está levando a cabo tres programas: un programa de equipamentos públicos cun investimento de 34 millóns de euros, un programa de humanización de rúas, con 27,5 millóns e un programa de humanización e mellora de espazos públicos, cun investimento doutros 34 millóns.

No plano normativo, o **Plan básico autonómico** vén a completar o marco urbanístico para unha ordenación sustentable do territorio. Substituirá ás Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento e identificará as delimitacións das afeccións derivadas da lexislación sectorial que inciden sobre o territorio. Así mesmo, identificará a totalidade dos asentamentos de poboación existentes en Galicia e establecerá unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos solo e da edificación.

Tamén no plano normativo, a **Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia**, actualmente en tramitación, será a primeira lei galega nesta materia e ten por obxectivo prioritario o de facer dos elementos propios da nosa cultura arquitectónica factores de revitalización e dinamización de Galicia.

A rehabilitación é sen dúbida unha das estratexias máis relevantes no eido da posta en valor do patrimonio construído e ao mesmo tempo con consecuencias directas positivas na mellora da paisaxe, na calidade de vida de vilas e cidades cando inciden en conxuntos arquitectónicos ou na eficiencia na utilización dos recursos cando se posibilitan novos usos sen incrementar a artificialización do territorio. O IGVS ten nas **Áreas de Rehabilitación Integral** —ARI— a súa principal base de actuacións en materia de rehabilitación en contornas urbanas e rurais. En colaboración cos concellos, lévanse a cabo intervencións sobre conxuntos de edificacións con usos residenciais en situación de deterioro, tanto en medio urbano como rural, que melloren a habitabilidade das vivendas co obxectivo mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e ao tempo recuperar o patrimonio edificado. En Galicia existen 70 ARI, 69 delas en 41 concellos, ás que hai que engadir a ARI do Camiño de Santiago que discorre por 107 concellos, dos cales 21 xa teñen declarada outra ARI no seu termo municipal. En total 127 concellos galegos teñen dentro do seu ámbito territorial unha área de rehabilitación

integral. Entre 2015 e 2016 declaráronse 11 ARI e prevense ao redor de 1.591 actuacións de rehabilitación ademais das que de xeito directo leve a cabo o IGVS rehabilitando vivendas de promoción pública, que en 2017 suman 36 licitacións de obra. A isto hai que engadir ás 1.902 vivendas que contan con axudas concedidas para a rehabilitación baixo diferentes programas de rehabilitación.

Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio

As DOT establecen a mobilidade como un dos elementos estratéxicos do modelo territorial e as infraestruturas como factor de cohesión social e compatibilidade dos territorios.

Así, no eido das infraestruturas, o Goberno galego está a desenvolver estratexias como as novas infraestruturas viarias de articulación con outras rexións do Estado e mesmo europeas ou os espazos de apoio loxístico ás dinámicas comerciais.

En relación ás vías de alta capacidade, este ano 2017 atópanse en execución as obras de conversión do Corredor do Morrazo CG-4.1 en autovía (subtreito I: PPQQ 0+000 -3+250, subtreito II: PPQQ 3+250 -7+300 e subtreito III: PPQQ : 7+300 a 11+150) na provincia de Pontevedra e a Variante de Aradas na provincia de Coruña.

Así mesmo, no marco da **Estratexia en materia de Mobilidade alternativa de Galicia**, o Goberno galego acordou a posta en marcha dunha primeira fase do Plan de Sendas de Galicia coa construción de 47 itinerarios peonís e ciclistas en distintas comarcas galegas (Bergantiños, A Coruña, Ferrol, Vigo, O Salnés, Terra Chá e Santiago). Na actualidade xa está en marcha a segunda fase do dito plan que abrangue as comarcas de Lugo, Ourense, Pontevedra e O Morrazo, nas que se desenvolverán un total de 27 proxectos.

A totalidade do Plan prevé así, a actuación nun total de 130 quilómetros de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe, tendo como obxectivo promover modos de desprazamento non contaminantes e alternativos ao coche, que sirvan para percorrer de forma segura a distancia entre os núcleos urbanos e centros de equipamentos e servizos de uso cotián, tales como centros de saúde ou escolas, entre outros.

Á data deste informe téñense aprobadas as actuacións para a execución de sendas peonís ou ciclistas en todas as comarcas anteriormente referidas.

Por outra banda, acadar unha accesibilidade territorial axeitada dende sistemas públicos de transporte colectivo que reduza sensiblemente a necesidade do vehículo propio é un obxectivo prioritario, no só dende un enfoque dunha economía hipocarbónica, senón para un mellor prognóstico da distribución da poboación no territorio. Porén, as porcentaxes de uso do transporte público non acadan o 10% en ningún tipo de concello. Desagregando os datos para os desprazamentos ao traballo, só un 5% dos destes se realizan en transporte público mentres que o 67% desprázanse en vehículo privado e un 26% fano a pé ou en bicicleta (EPTU 2015).

Outro enfoque, cara á redución da factura enerxética da mobilidade laboral e mesmo a un incremento na calidade de vida, é actuar sobre a redución da distancia entre lugar de residencia e centro de traballo. A necesidade de desprazamento en vehículo motorizado ao centro de traballo está relacionada coas diferenzas entre oferta e demanda laboral nos concellos. A tendencia do indicador **Autocontención laboral**, a partir dos datos da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, mostra unha menor fixación laboral da poboación residente no 89% dos concellos galegos, o que leva consigo un incremento de traballadores que precisan desprazarse cara a outro concello distinto ao de residencia; só un 43,5% dos traballadores teñen o seu centro laboral no concello no que residen. A taxa de permanencia ou número de contratos a traballadores no seu concello de residencia reduciuse ata o 28,1% dos asinados en 2016. Son as grandes cidades, cun 69%, os ámbitos territoriais con maior índice; os concellos do sistema urbano intermedio (SUI) acadan o 40% e os nodos de equilibrio territorial (NET), o 34%, ámbolos dous por debaixo do valor para Galicia.

Por outra banda, no que atinxe ás tecnoloxías da información e telecomunicacións, as cales interveñen de forma decisiva na forma de traballar e vivir das persoas, a mellora das redes dixitais é un reto constante no que a Administración autonómica está a desenvolver políticas para estender estas redes e incrementar as súas prestacións. O **Plan de Banda larga 2020** asume o obxectivo establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps.

Neste aspecto, Galicia presenta unha cobertura global dun 61,30% da poboación, con cobertura de caudal de 30 ou máis Mbps, apreciándose unhas porcentaxes significativamente máis altas nas sete grandes cidades (o 95%

na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo; o 85% en Ferrol e Santiago de Compostela e un 75% en Pontevedra) ao igual que no ámbito litoral onde a porcentaxe de poboación con esta cobertura é do 67,8%.

Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial

Nun contexto global, no que máis do 50% da poboación habita en contornas urbanas e cunha proxección moi superior para o ano 2050, as estratexias de equilibrio territorial non poden esgotarse nin circunscribirse ao retorno ao ámbito rural da poboación que nestas décadas pasadas o abandonou. Ese obxectivo, necesariamente parcial, estará vinculado ás oportunidades de negocio que se poidan dar, tanto no sector primario como no marco de novos modelos de negocio, onde xogan un papel crucial as novas tecnoloxías da información, ou en modelos mixtos; todos eles asociados a ámbitos cunha cobertura de servizos que responda aos estándares de calidade do medio urbano.

As dinámicas poboacionais destas últimas décadas, cunha tendencia continuada de perda de poboación, baixa natalidade, alto avellentamento, altos índices de dependencia e forte polaridade urbana-rural están a presentar un problema estrutural de importantes consecuencias non só económicas senón tamén sociais, e constitúe un reto difícil de abordar polas administracións públicas. No ano 2016, Galicia contaba con 2.718.525 habitantes, case 49.000 menos que en 2006, o que representa unha diminución do 1,8% nun decenio. A isto únese a baixa densidade de poboación, que no rural atópase nun valor medio medio de 21,8 habitantes por km² fronte aos 91,9 hab/km² de Galicia, moi distante dos valores de concellos que acollen algunhas cidades e vilas (A Coruña, máis de 6.000 hab/Km²).

O nivel de equilibrio territorial entre a oferta e demanda de emprego sinálao o indicador de **Autosuficiencia en emprego** a partir da relación existente entre os traballadores empregados nun territorio e a poboación ocupada residente nel. No 2016, só 41 concellos superan o índice 1 mentres que a metade dos concellos superan porcentaxes do 71% de traballadores residentes no concello que traballan e unha cuarta parte dos concellos baixan do 60%, entre os que se atopan cinco concellos do sistema urbano intermedio —Foz, Muros, Porto do Son, Rianxo e Corcubión— e tres concellos pertencentes ao sistema de nodos para o equilibrio territorial —Maceda, Negreira e Bande.

Por comarcas, das 53 comarcas, trece rexistraron un índice de ocupabilidade superior a 1 en todas as ramas de actividade, mentres que no ano 2011 só catro comarcas o facían, o que supón un incremento do 22,5%. A formación que imparte a Consellería de Economía, Emprego e Industria aos traballadores estará orientada a diminuír os desequilibrios entre oferta laboral e man de obra dispoñible. No ano 2015, foron 10.243 persoas as que recibiron formación a desempregados en 27 familias profesionais.

Outro dos aspectos relevantes para o equilibrio territorial é a distribución territorial do solo empresarial, capaz de propiciar unha diversidade de actividade económica que evite ou reduza a excesiva polarización nas grandes cidades. O **Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais** —PSOAEG— incorporou o modelo do sistema de asentamentos das DOT, de xeito que os tres niveis inclúan solo empresarial de influencia supramunicipal co fin de posibilitar a localización de novas iniciativas dinamizadores, da industria local, así como de parques especializados como os agroforestais, orientados á atención de zonas dinámicas concretas ou a acompañar medidas de reequilibrio territorial. O plan prevé a localización de solo empresarial en 95 concellos con máis de 46 millóns de metros cadrados.

Neste eido e dende a aprobación do PSOAEG, entre os anos 2015 e 2017, o IGVS ten adxudicado máis de un millón de metros cadrados, dos cales 131.644 m² corresponden en dereitos de superficie.

De xeito paralelo, a dotación de servizos de calidade nos ámbitos rurais é outro dos retos para que o despoboamento cambie a súa tendencia destas últimas décadas. A axeitada accesibilidade aos servizos básicos e dotacións é un dos aspectos clave para unha potencial fixación de poboación no rural.

Así, o **Plan Estratéxico de impulso ao Comercio de Galicia 2015-2020** incide na necesidade de preservar a riqueza rural de Galicia, tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, para o cal é necesario potenciar a creación de empresas situadas no ámbito rural polas sinerxías xeradas, a procura do equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos. Preténdese así elevar a oferta de servizos e a calidade de vida do ámbito rural, cumprindo varios obxectivos, como son: adecuar a oferta comercial ás necesidades da poboación rural, garantir a adecuación da estrutura comercial á estrutura comarcal territorial, crear postos de traballo de calidade no rural e dinamizar a nosa economía prestando especial importancia á comercialización dos produtos locais e autóctonos.

No ano 2016, a Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu axudas por un importe total de 546.021,72 euros para a creación de *Espazos de Emprendemento Comercial no medio rural*. No ano 2016, a Consellería continuou impulsando a calidade e a competitividade comercial, no marco do Plan de mercados excelentes de Galicia 2016-2020, co obxectivo de incorporar o maior número posible de prazas de abastos na Rede de mercados excelentes, así como o aumento da ocupación e o asociacionismo nestes espazos. Os investimentos destináronse á posta en marcha de novos servizos para os clientes, ao acondicionamento da imaxe común, á mellora da accesibilidade e á supresión de barreiras arquitectónicas, apoiándose en prácticas de asesoramento comercial e técnicas de mercadotecnia. A iniciativa **Mercados no Camiño**, facilitou ás asociacións de produtores a creación de produtos con embalaxe específico, nun intento de aproveitar as sinerxías entre turismo e comercio nas localidades polas que discorren as rutas xacobeas a través de axudas específicas. Por outra banda e por iniciativa dos concellos, leváronse a cabo melloras en mercados tradicionais e ambulantes de apertura periódica, en relación á venda de produtos locais e tradicionais de calidade.

A complementariedade de rendas para as economías dos residentes no medio rural, que completen ás do sector primario como propias do rural, pode significar a viabilidade de novos modelos de vida fora dos ámbitos urbanos. Neste eido e sen prexuízo do contexto de recesión demográfica actual que se proxecta en anos vindeiros, a potenciación e promoción de actividades económicas vinculadas aos valores naturais e patrimoniais do rural pode significar a medio prazo un certo reequilibrio territorial.

Neste senso, actuacións como o **Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021**, polo seu impacto —rehabilitación do patrimonio, empresas e modelos de negocio novos— propician a fixación de poboación nos concellos do Camiño de Santiago.

Os indicadores de turismo sinalan que a oferta de prazas de aloxamento marca unha liña ascendente acadando o 1 de xaneiro de 2017 as 138.515 prazas nos establecementos turísticos regrados de Galicia que, en termos de intensidade da oferta, supoñen 4,7 prazas por km². A distribución é moi desigual, manténdose, en xeral, máis elevada no ámbito litoral (17 prazas/km²). Nas inmediacións, Mondariz-Balneario conta 383 prazas por km². Tamén se intensifica no Camiño Francés e nas capitais de provincia e Santiago de Compostela aínda que non acada esas cotas. A diversificación de servizos turísticos das principais cidades fai que a estacionalidade, nestes ámbitos, descenda significativamente do valor global de Galicia para as pernoctacións nos meses de xullo e agosto (38%).

A Consellería de Medio Rural leva adiante medidas para frear a despoboación con medidas de impulso ao sector primario (Liña E).

Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural

Á Consellería de Medio Rural correspóndenlle as actuacións de potenciación do sector primario no medio rural, nun contexto que pon de manifesto a necesidade de actuacións en prol dun sector agroforestal eficiente e sustentable.

O **Plan de desenvolvemento rural** é unha das ferramentas básicas para propiciar a dinamización do rural en todas as súas facetas. Este plan leva a cabo accións en distintos eixos e medidas. No que se refire á transferencia de coñecementos e á innovación na agricultura e silvicultura, son máis de 1950 as persoas que participaron en actividades de formación.

A *Mellora da viabilidade das explotacións e a competitividade dos distintos tipos de agricultura, a promoción da innovación tecnolóxica ou a xestión sustentable dos bosques* son outras das prioridades. O programa contribuíu principalmente á reestruturación das explotacións agrarias a través da realización de inversións en concepto de reorganización da propiedade — 50.034 propietarios e 58.766 ha en 2016— e á mellora da accesibilidade das parcelas agrarias e forestais —271 proxectos financiados. Tamén se incidiu fundamentalmente nas accións de apoio para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo e nas inversións en infraestruturas destinadas ao desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e a silvicultura, con 39 operacións finalizadas en 2016.

Outras das prioridades son a *Transformación e a comercialización de produtos agrícolas, ou a xestión de riscos na agricultura*. Neste aspecto, 334 explotacións accederon a algún réxime de calidade, das cales o 82% producíronse na IGP Tenreira Galega que, xunto ás incorporacións á Agricultura ecolóxica, representan o 96% do total das incorporacións. Así mesmo, leváronse a cabo 70 operacións que involucraron a 28 asociacións e consellos reguladores para a promoción e mellora da comercialización en sectores diversos — vino, agricultura ecolóxica, carne, mel, pataca, ... Outras accións desenvolvidas enmárcanse en axudas para inversión en transformación e comercialización de produtos agrarios; dun total de 59 operacións, finalizaron 24 no 2016, a maioría delas (46%) foron proxectos en el sector

lácteo e as restantes en el sector cárnico principalmente; en menor medida as froitas, hortalizas mel e aceite.

No que atinxe á *Mellora e conservación dos ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura, sistemas agrarios ou o estado das paisaxes*, aprobáronse 211 proxectos que promoven accións de conservación de especies e hábitats, a eliminación de especies invasoras e a posta en valor da paisaxe mediante a conservación de elementos singulares.

Na submedida *Estudos e inversións vinculados á rehabilitación do patrimonio cultural e natural das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural*, puxéronse en marcha 14 operacións levadas a cabo directamente pola Administración autonómica.

Para a *Prevención de danos causados polos incendios, desastres naturais ou catástrofes* durante o ano 2016 actuouse sobre 7.737,34 ha mediante axudas para a prevención de danos causados aos bosques por incendios en montes veciñais en man común e nas SOFOR. Outras actuacións levadas a cabo foron convenios de colaboración con entidades locais para participar na prevención e defensa contra os incendios forestais, nos cales se actuou sobre 17.136,94 ha.

Na submedida *Pagos por compromisos agroambientais e climáticos* efectuáronse un total de 42 operacións para manter e aumentar a distribución das abellas melíferas na Comunidade autónoma polo beneficio positivo no incremento da polinización de determinadas especies vexetais que facilitan a conservación da diversidade da flora de montaña, incidindo, polo tanto, na biodiversidade e no mantemento da paisaxe.

Para a procura do *Mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción*, 103 explotacións recibiron apoio para o mantemento dos rabaños.

Para a *Conservación de recursos xenéticos* leváronse a cabo 21 operacións, tanto en agricultura como en gandería.

Para o *Apoio e mantemento de explotacións en áreas con limitacións naturais* leváronse a cabo compensacións que permitan continuar co aproveitamento das terras agrícolas (226.588 ha), contribuíndo así a evitar o abandono e conservando a biodiversidade ligada á actividade agraria tradicional.

O *Fomento do cambio a unha agricultura ecolóxica* incidiu sobre un total de 1.565 ha, mentres que en pagos para o mantemento da agricultura ecolóxica aprobáronse 111 solicitudes que afectan a 3.453 ha, a maioría delas refírense á gandería ecolóxica.

O *Fomento da gandería extensiva* supuxo que 120.491 ha se beneficiasen deste programa, entre explotacións de vacún de leite e xestión sustentable de pastos.

A actualización dalgúns dos indicadores que atinxen ao sector primario indican o afianzamento de modelos de negocio da denominada Economía verde.

A **Agricultura ecolóxica** vén mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores, aínda que a súa representatividade sobre o total da superficie destinada a cultivos, prados e pasteiros (SIOSE 2014) non acada o 4% en Galicia. Os datos do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (CRAEGA) amosan un gran potencial de crecemento, que se concreta no período 2013-2016 nun aumento de case un 77% da superficie inscrita no consello regulador e máis dun 44% no número de operadores. Cabe resaltar que este crecemento vén xerado de forma maioritaria pola expansión da gandería extensiva con base en prados e pasteiros, onde as provincias de Lugo e Ourense amosan un maior crecemento e actividade.

A produción ecolóxica é responsable dunha maior calidade dos produtos agrícolas, contribúe á mellora da calidade de vida cidadáns, e supón un beneficio en termos de biodiversidade, así como unha maior eficiencia na utilización da enerxía, e a diminución da contaminación ocasionada polos residuos gandeiros e os agroquímicos empregados pola agricultura convencional.

A cabana gandeira ven caracterizada polo indicador **Especialización gandeira**. As diferentes fontes de datos empregadas sinalan unha diminución progresiva da cabana gandeira galega, medida en número de unidades gandeiras (UG), tendencia que se modera nos últimos anos. Segundo os datos do REGA a cabana gandeira acada as 858.574 UG en 2017. Por especies, o número de vacas aumenta lixeiramente entre 2012 e 2014. No que atinxe ao porcino, en explotacións industriais, obsérvase un incremento mantido dende o 2011.

O indicador de **Carga gandeira** das especies bovino, ovino-caprino e cabalar mantén unha tendencia decrecente nos últimos dezasete anos. Ao mesmo tempo, a nivel territorial, aprécianse comportamentos desiguais con variacións entre 3 UG/ha e 1 UG/ha.

Segundo o Anuario de estatística agraria de Galicia, a evolución da superficie ocupada polos distintos cultivos é un dos factores clave desde a pers-

pectiva da rendibilidade e da sustentabilidade das explotacións. A superficie ocupada polos prados e pasteiros é a de maior peso relativo en Galicia aínda que se observa unha lixeira tendencia decrecente entre os anos 2011 e 2016 respecto aos demais grupos de cultivos ou coberturas. Os cultivos forraxeiros é o segundo grupo en termos de superficie ocupada e ademais obsérvase unha tendencia lixeiramente crecente no período 2011-2016. Ambos datos poñen de manifesto a importancia do sector gandeiro en Galicia. A evolución comparada de cultivos forraxeiros, principalmente millo e pradeira, fronte ao aproveitamento mediante pastoreo de prados e pasteiros sinalaría unha tendencia cara a intensificación na produción. Os pesos relativos de cultivos forraxeiros así como de prados e pasteiros mantéñense estables con respecto a 2015 con valores entorno ao 32% e ao 50% respectivamente. Atendendo á base de datos do SIOSE, tamén indica unha perda da representatividade dos prados e pasteiros, así como da SAU (cultivos máis prados e pasteiros) entre os anos 2005 e 2014, o que debuxa unha lixeira tendencia decrecente e parece indicar unha intensificación da produción de forraxes.

A Xunta de Galicia creou a **Axencia galega da industria forestal** para impulsar a innovación e o emprego no sector. Entre os seus obxectivos atópanse o incremento do valor dos produtos da cadea forestal, a incorporación de persoal cualificado a esta industria e a innovación tecnolóxica.

O indicador de **Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal** amosa un crecemento continuado. En 2016, a superficie ordenada é de 231.635 ha o que representa un 11,28% respecto da superficie arborada, desarborada e de pasteiro.

No que se refire á produción acuícola, o mexillón ratifica o seu papel dominante; representa o 95,6% do total e experimentou un incremento do 7%. Ao mesmo tempo, os indicadores **Capacidade pesqueira** e **Ocupación pesqueira** reflicten a perda dun 6,4% de buques na frota pesqueira galega dende o ano 2011 e unha ocupación pesqueira con unha clara predominancia das bateas, que empregan ao 74% dos empregos en establecementos acuícolas.

Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural

No desenvolvemento de accións no eido da protección, conservación, difusión e fomento dos bens que integran o patrimonio natural de Galicia cómpre subliñar, en primeiro lugar, o inicio das accións encamiñadas á elaboración dos plans de uso e xestión de seis parques naturais (Complexo dunar

de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, Baixa Limia-Serra do Xurés, O Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra, Fragas do Eume e Monte Aloia) e o parque nacional marítimo terrestre das Illas atlánticas.

Por outra banda, en 2017 créase a **Rede de reservas da biosfera de Galicia** co obxectivo de facilitar a consecución dos fins destes espazos ao considerar que é primordial o intercambio de experiencias e coñecementos na propia comunidade autónoma.

Outra das accións relevantes no eido do patrimonio natural é a definición dunha **Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia**. A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia para delimitar a *Infraestrutura Verde en Galicia* secundando a Comunicación da Comisión Europea “*Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa*”, que o estado español recolleu na Lei 33/2015 ao introducir a creación da *Estratexia estatal de Infraestrutura verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas*.

A infraestrutura verde baséase nun concepto que integra a conectividade dos ecosistemas, a protección e provisión de servizos ecosistémicos e a mitigación e adaptación ao cambio climático, asegurando a provisión sustentable destes servizos e incrementando a resiliencia dos ecosistemas. O obxectivo é a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde, para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático e a restauración de ecosistemas degradados.

As especiais características do territorio galego fan que este proporcione unha gran diversidade e potencialidade de servizos ecosistémicos. Algúns datos que reflicten esta potencialidade son as 1.400.000 hectáreas de superficie arborada (48% do territorio), os 50.000 km de ríos, os 1.498 km de costa, os 72 tipos de hábitats de interese comunitario (a terceira comunidade autónoma con maior número de hábitats) ou unha densidade de hábitats que dobra a media española (17,4 hábitats/100 km² fronte a 8,2), ao cal hai que engadir certas características, como a existencia dunha actividade agrícola tradicional ou unha estreita relación entre as zonas urbanas e rurais. Todo isto fai, se cabe, máis necesaria a conservación, potenciación e aproveitamento de todos estes valores, polos seus beneficios ambientais e sociais, pero tamén pola súa capacidade para xerar emprego.

A Infraestrutura Verde que se defina permitirá, non só adiantarse a un futuro requirimento europeo e nacional, senón e sobre todo, reforzará a estrutura ecolóxica básica de Galicia mediante a definición dunha rede de zonas na-

turais e seminaturais, unha infraestrutura deseñada para protexer a biodiversidade e proporcionar servizos ecosistémicos. A infraestrutura verde será a base para salvagardar aqueles elementos que é preciso conservar polos beneficios que teñen para a sociedade así como para a conservación das especies.

A Infraestrutura verde de Galicia estase levando a cabo no seo dun convenio bianual 2017-2018 entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e as universidades de Santiago de Compostela e da Coruña.

A Xunta de Galicia ten como un dos seus cometidos o fomento da preservación do patrimonio cultural mediante medidas de protección e de accións positivas para a súa restauración, rehabilitación e conservación. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previstas varias actuacións específicas como son as que desenvolven o **Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021**; o **Plan Catedral**, definido a partir do plan director da Catedral de Santiago de Compostela no que se prevé unha inversión duns 17 millóns de euros para o período 2016-2021, xestionado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural mediante un convenio coa fundación Catedral; as do **Programa de restauración e posta en valor dos elementos dos Camiños**, a partir dunha diagnose dos bens do Camiño sobre a que se deseñou unha estratexia de actuación selectiva, sobre os bens máis significativos; e o **Plan estratéxico de dinamización dos pequenos cascos históricos**.

A identificación e rexistro de BIC vai en aumento ano tras ano como unha das accións de protección do patrimonio cultural. Segundo a última información dispoñible (decembro 2016), en Galicia están identificados cun número de rexistro individual 730 bens inmoables. Esta cifra supón un incremento do 12% respecto aos datos manexados no primeiro informe do PSST. En 2016 incoáronse os seguintes bens mediante cadansúa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC):

- a pintura mural de Urbano Lugrís González, na rúa Real da Coruña
- o pazo de Quintáns ou do Casal (Sanxenxo).

A entrada en vigor da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, supuxo a consideración de BIC para o Arquivo de Galicia, a Biblioteca de Galicia e o Mupega (Santiago de Compostela), a Biblioteca pública Juan Compañel (Vigo), o Museo Massó (Bueu) e os Camiños do Norte (ruta da costa e ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Ovedo), que

transcorren por 16 e 9 municipios respectivamente. Así mesmo, incluíuse no rexistro BIC a batería do Soberano ou do Castelo.

No período 2013–2016, contabilizáronse 27.429 autorizacións da DXPC para intervencións con incidencia nos bens culturais.

Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental

Ciclo hídrico, atmosfera ou ciclos de materiais ou enerxía configuran as variables directamente relacionadas coa eficiencia ambiental. A necesidade dun cambio de paradigma da economía ven dada pola traxectoria actual baseada na explotación masiva dos recursos que precisa substituírse por unha utilización eficiente destes.

O IGVS xestiona fondos FEDER co obxectivo de favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisións de carbono priorizando o investimento no apoio da eficiencia enerxética, a xestión intelixente da enerxía e o uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e as vivendas. Isto tradúcese na xestión das axudas ás comunidades de propietarios que levan a cabo melloras nas edificacións con estes fins. En 2017, o IGVS levou a cabo a licitación de obras para a rehabilitación de 122 vivendas de promoción pública co obxectivo de reducir as emisións de carbono e o consumo enerxético.

Así mesmo, o IGVS elaborou documentos técnicos para a mellora do confort e da eficiencia climática das vivendas; no seo Programa de cooperación territorial INTERREG IV B SUDOE, redactou a **Guía de arquitectura pasiva para vivendas en Galicia**, como apoio técnico á rehabilitación e construción de vivendas con menor impacto ambiental e enerxético, e no marco do proxecto ADAPTACLIMA, elaborouse o **Manual de recomendacións para a rehabilitación de vivendas en Galicia**.

Diversos indicadores avalían o grao de eficiencia na utilización dos recursos, o respecto polo medio ambiente ou a sustentabilidade dos procesos produtivos.

A calidade da auga, ben se trate de auga de baño ou ben do estado das masas de auga, abórdase cos indicadores **Calidade da auga das zonas de baño** e **Variación do estado das masas de auga**, este último restrinxido

ao ámbito da Demarcación hidrográfica Galicia–Costa. Os datos destes indicadores proceden das Consellería de Sanidade e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Ambos teñen relación directa co ciclo hídrico e coa xestión da calidade do recurso, factores clave na sustentabilidade dun territorio e que constitúen obxectivos prioritarios en toda a Unión Europea.

O indicador **Calidade das augas de baño**, analizado dende o 2011, sinala a mellora das augas de baño coa cualificación “Excelente” e a diminución daquelas coas clasificacións “Insuficiente”.

O indicador **Variación do estado das masas de auga** sinala que ao considerar conxuntamente as masas de auga superficiais e as subterráneas, o 77% delas presentaron un estado total Bo ou mellor, mentres que e o 23% obtiveron un estado total Peor que bo.

Os indicadores do subbloque de enerxía aportan datos para un balance enerxético da Comunidade Autónoma relativos ao consumo de enerxía por tipos e usos.

O indicador **Consumo final bruto de enerxía renovable** sinala que o consumo de enerxía obtida a partir de fontes renovables presenta unha tendencia crecente, e supera o obxectivo do 20 % para o ano 2020 fixado pola Unión Europea. No ano 2015 Galicia acadou o 38,4% de consumo final bruto de enerxía renovable, dato en consonancia coa liña trazada nas DOT que orienta a utilización de fontes de enerxías renovable, de xeito que diminúan as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro.

No indicador **Consumo final bruto de electricidade renovable** obsérvase unha tendencia crecente; no ano 2015 Galicia acadou 17.475 GWh/ano, incrementándose dun 46,8% no ano 2005 a un 77,2% no ano 2015 en liña coas DOT, valores que superan os obxectivos fixados polo Estado español para o período 2011–2020, que se cifraban nun 40% ao final deste.

O **Consumo de enerxía primaria renovable** sinala que Galicia supera en moito o obxectivo que recolleu a Unión Europea no Libro branco para unha Estratexia e un Plan de Acción Comunitarios, que establece un consumo non inferior ao 12% de enerxía primaria total mediante fontes de enerxía renovables, así como o establecido por España no Plan de Enerxías Renovables 2005-2010 que o subiu ao 12,1%. No ano 2010, en Galicia, a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables acadou no ano 2010 o 22%, o 24% no ano 2014 e rexistra un descenso en 2015, último dato actualizado, ata o 19%.

Para o sector do transporte, o obxectivo fixado séguese a través da medida *Enerxía procedente de fontes renovables no transporte*, a cal amosa que en Galicia, no ano 2015, a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables foi do 6,9%, valor superior ao 4,1% fixado polo *Plan nacional de enerxías renovables 2011–2020*.

Por último, o indicador **Intensidade enerxética final** mide o custo en termos enerxéticos que precisa a economía para crear riqueza. É a relación entre o consumo enerxético final que unha economía precisa para funcionar e a produción en termos de renda acadada ou produto interior bruto (PIB). En Galicia a intensidade enerxética final é maior que en España debido a que na nosa Comunidade Autónoma se encontran varias plantas cuxos procesos produtivos son moi intensivos no consumo de enerxía.

A intensidade enerxética final en Galicia (0,110 ktep/millón de €) diminuíu no ano 2015 con respecto a 2013 e 2014, posiblemente como consecuencia da maior eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos. O consumo enerxético final (medida 2), en Galicia durante 2015 foi de 6.093 ktep mantendo os niveis de 2013 e 2014, polo que parece que se produciu neste anos un incremento da eficiencia enerxética en Galicia.

No que atinxe ao Ciclo de materiais, os indicadores de residuos fan o seguimento da xeración bruta de residuos, da recollida selectiva destes e do servizo de Punto limpo a nivel concello.

A **Xeración de residuos urbanos** apunta un leve ascenso con respecto ao 2015 pero inferior ao inicio da serie temporal (2011) e inferior aos obxectivos fixados polo Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) medidos en kg/habitante/día. Distinto comportamento ofrece o ámbito litoral no que se superan os valores do PXRUG, aínda que o período 2011-2016 amosa unha caída global de xeración de residuos. Pola súa banda, **A recoillida selectiva bruta** ofrece uns valores moi semellantes aos de anos anteriores, con pequenas reducións na fracción de papel-cartón e fracción orgánica e pequenos incrementos nas de vidro e envases lixeiros.

O indicador de **Dotación de puntos limpos** sinala a tendencia positiva, tanto no número instalacións de puntos limpos (147) en 143 concellos como a porcentaxe de poboación con este servizo (88%).

Galicia contribúe a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro segundo o obxectivo definido pola Unión Europea, que fixa a redución nun 20% con respecto aos niveis do ano 1990. As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia no 2015 situáronse un 1,0% por debaixo do ano

1990. A evolución dos distintos sectores neste período de tempo mostra un comportamento desigual. Así, mentres que as emisións das industrias do sector enerxético e as emisións asociadas aos procesos industriais reducíronse un 20,2% e un 15,4% respectivamente, sectores coma o transporte, a categoría “outros sectores” e a agricultura, aumentaron as súas emisións nun 54,9 %, 39,1% e un 11,9% respectivamente.

A **Estratexia de Impulso á Biomasa 2014-2020** desenvolvida pola Xunta de Galicia pretende poñer en valor o monte galego mediante a promoción dunha industria asociada á valorización enerxética da biomasa favorecendo unha xestión forestal que facilite o seu desenvolvemento económico. Entre os obxectivos buscados atópanse impulsar o aforro e a eficiencia enerxética en familias, empresas e nas administracións públicas; protexer o medio natural mediante a redución de emisións de CO₂ ou reducir a dependencia enerxética dos derivados do petróleo. Entre os seus obxectivos está o aforro e eficiencia enerxética que se cifran nunha diminución do gasto en 70M€/ano na compra de combustibles fósiles e un aforro de ata un 65% con respecto ao gasóleo e dun 45% respecto ao gas natural.

Incidindo no aforro enerxético e no uso eficiente da enerxía, a Xunta de Galicia, a través do INEGA, elaborou un manual de boas prácticas orientado aos fogares como ámbito no que se consume o 30% da enerxía e que se traduce como principal causa das emisións de CO₂ en Galicia.

Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

O posicionamento de Galicia no exterior ten no Camiño de Santiago un dos piares máis sólidos. O Camiño de Santiago ratifica a tendencia positiva cun crecemento do número de peregrinos do 6% en verán e do 9% entre xaneiro e setembro con respecto ao ano 2016. O interese dos turistas por Galicia segue medrando como así o din as cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) que sinalan un incremento do 3,2% rexistrado no período xaneiro-xullo de 2017 en relación ao mesmo período do ano 2016. O turista internacional segue gañando peso no conxunto do turismo que chega a Galicia, crece por quinto ano consecutivo e representa preto do 19% da demanda en establecementos regrados; o verán de 2017 supuxo un incremento de máis do 20% con respecto ao verán de 2016 e un 11,8% se se compara o período novembro 2016-novembro 2017.

2. Eficacia das Directrices de ordenación do territorio

A eficacia das directrices abórdase tanto dende a análise dos indicadores de sustentabilidade territorial (IST) como dende os datos que achega a Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU), a cal é quen de aproximar á visión da cidadanía sobre os efectos que se están a producir, tanto no seu contexto vital como na súa calidade de vida.

Os IST permiten relacionar os valores obtidos cos obxectivos que marcaron as DOT para as variables e aspectos clave da sustentabilidade. Organízanse en sete bloques: Ocupación do territorio, Paisaxe, Patrimonio cultural, Patrimonio natural, Sociedade e economía, Metabolismo e Mobilidade (Ilustración 7)




Ilustración 7. Esquema da eficacia das Directrices de Ordenación do Territorio

Ocupación do territorio (OC)

Táboa 3. Indicadores do bloque Ocupación do territorio

Subbloque	Indicador	Ámbito
Usos do solo	Usos do solo	DOT
	Vivendas familiares	DOT
Intensidade	Dinámica urbanística	DOT
	Demandantes de vivenda protexida	DOT
Riscos	Risco de asolagamento	DOT

As DOT perseguen acadar un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores ambientais.

A variación cuantitativa e cualitativa da ocupación do territorio reflectirá o modelo de ocupación do territorio, se ten en conta a vocacionalidade e aptitude do solo ou a súa capacidade de acollida para os distintos usos.

A relación entre a superficie transformada e a superficie ocupada pola edificación indicará o grao de dispersión do construído ou, dito doutra forma, se a construción se produce sobre os ámbitos de desenvolvemento planificados.

Subbloque Usos do solo

OC.A.01 Usos do solo

As DOT definen un modelo territorial no que se ten en conta a vocacionalidade, a aptitude e a capacidade de acollida deste cos distintos usos do solo. Polas súas características este indicador relaciónase principalmente coa estrutura básica do modelo territorial.

A análise das variacións nas coberturas de usos apunta a un incremento da cobertura artificial pero tamén doutras naturais ou seminaturais como as frondosas caducifolias, as coníferas ou os cultivos leñosos. En termos globais, diminúen os cultivos herbáceos, os prados e os pastizais, así como o viñado e o mato.

O SIOSE do ano 2014 amosa un 35,5% da superficie de Galicia cuberta de arboredo (inclúese nesta agregación coníferas, un 12,27%, frondosas caducifolias, un 16,16% de eucaliptos e un 6,92% doutras frondosas perennifolias. A segunda cobertura máis abundante é a matogueira cun 28,16%, seguida de cultivos herbáceos cun 16,05% e prados e pasteiros cun 7,13%. Con respecto ao ano 2011 a tendencia é a un aumento da cuberta arboredo en detrimento do mato.

Se se atende ao período 2005-2014 destaca a perda de mato, prados e pastizais, con diminucións do 7,8% e do 5,1% respectivamente. A evolución da SAU (cultivos máis prados e pasteiros) aínda que negativa, presenta unha redución inferior a un punto. No lado oposto atópase a cobertura de arboredo, que experimenta un incremento dun 8,3%; especialmente relevante é o aumento de frondosas caducifolias, cun 8,6%, e de coníferas, cun 8,3%. A superficie de eucaliptos e outras frondosas perennifolias incrementase nun 7,6%. Por último, cabe destacar o incremento da cobertura artificial cun 4,7% (**Ilustración 8**).

A nivel territorial, mantense o comportamento inverso entre superficie de arboredo e de mato. No eixo atlántico concéntranse o aumento de matogueira en detrimento da superficie de arboredo; nos concellos do interior de Lugo aumenta a superficie arborada e nos concellos do sueste ourensán a matogueira diminúe a favor da superficie arborada.

Variación superficie de usos do solo en Galicia




Ilustración 8. Variación relativa dos usos do solo entre 2005 e 2014

Subbloque Intensidade

OC.C.01 Vivendas familiares

No ano 2016 incrementáronse nun 0,94% o número de bens inmobles de uso residencial ata acadar 1.585.909. Se ben os concellos da Coruña (7,86%) e Vigo (8,48%) suman 259.186, o 16,% da totalidade destes bens, é a área urbana de Lugo a que rexistra o maior incremento anual, cun 3,38%, séguelle Santiago de Compostela cun 2,67% e Pontevedra cun 2,26%.

Na serie temporal 2008–2016 aprécianse incrementos porcentuais superiores ao 1 e 2% ata o ano 2012, data a partir da cal, entre os anos 2012 e 2014, rexistrouse un incremento máis moderado, próximo ao medio punto porcentual; finalmente no período 2015-2016 obsérvase un repunte de case un punto (0,94%).

Se atendemos á evolución do número de bens inmobles de uso residencial e a poboación residente, dende un punto de vista estatístico, atopamos un punto de inflexión entre os anos 2010-11, cun incremento no número de bens inmobles (2,33%) e unha diminución da poboación dun -0,08%; a partir de entón o incremento dos bens inmobles ten un descenso progresivo, cun aumento en 2016 dun 0,94%, mentres que a variación da poboación mantense en cifras negativas (-0,51%). A tendencia do indicador non reflicte a recesión demográfica que ven rexistrando Galicia nos últimos decenios. É preciso que os criterios de sustentabilidade no consumo do solo axusten o proceso de creación de bens inmobles de uso residencial á evolución demográfica sen prexuízo doutras consideracións sociais como a transformación do tipo maioritario de unidade familiar, co aumento de fogares cun ou dous habitantes, ou os fenómenos turísticos de determinados asentamentos (**Ilustración 9**).

A construción de novos inmobles de uso residencia deberá modularse en función do parque de vivendas baleiras e en sen uso, favorecendo novos usos e a rehabilitación.




Ilustración 9. Variación 2009-2016 de bens inmobles de uso residencial e poboación

OC.C.06 Dinámica urbanística

Este indicador defínese co obxectivo de avaliar a intensidade coa que se ten producido a transformación urbanística do solo en Galicia nos últimos anos. Os resultados permitirán avanzar tamén no coñecemento do grao de axuste do planeamento urbanístico e o seu desenvolvemento ao modelo territorial definido nas DOT.

O indicador analiza a transformación urbanística do solo en Galicia. O concepto de transformación urbanística, a efectos deste indicador, e interpretado dun xeito restrinxido, defínese como o fenómeno de desenvolvemento do solo clasificado como urbanizable ou rústico (a través dun proxecto sectorial) a solo urbano consolidado. Para confirmar se esta transformación se ten producido, realízase a verificación da efectiva execución das obras de urbanización do ámbito a través da observación da última ortofoto dispoñible con cobertura para toda Galicia correspondente ao 2014.

Neste informe, analízase un número significativo de concellos, incluíndo ademais daqueles dos tres niveis do sistema de asentamentos das DOT, aqueles outros con crecemento composto continuo positivo en 2014.

Cinguíndonos aos niveis do sistema de asentamentos das DOT, o grupo de concellos con maior superficie de solo transformado é o que inclúe os pertencentes ao primeiro nivel, é dicir, ás sete grandes cidades de Galicia ; a mediana dos valores de superficie de solo transformado destes concellos é de 139 ha. Destaca a importante diferenza que presenta este dato co relativo aos municipios do SUI (17 ha) e aos NET (5 ha) (**Ilustración 10**).

Por outra banda, tamén resulta salientable que, globalmente, só nas cidades a superficie de solo transformado non industrial é superior á industrial; nos outros tres niveis sucede o contrario, moi especialmente nos solos urbanizables non delimitados, onde as diferenzas son máis acusadas (**Ilustración 11** e **Ilustración 12**).

Pódese polo tanto afirmar, que o uso industrial é o principal responsable da transformación de solo en Galicia fóra dos concellos que conforman o sistema de cidades.




Ilustración 10. Superficie de solo urbanizable transformado (ha)







Ilustración 11. Superficie transformada de solo urbanizable delimitado (SUD) e non delimitado (SUND) transformada segundo o sistema de asentamentos das DOT en 2014 (ha)



Superficie de solo urbanizable residencial e/ou non industrial transformada (ha)



Superficie de solo urbanizable industrial transformada (ha)




Ilustración 12. Superficie de solo urbanizable transformada (ha)

En termos de porcentaxe de superficie transformada respecto á prevista no planeamento, a mediana dos valores das cidades supera o 16%; o 5% no SUI; o 3% nos NET e, curiosamente, no resto de concellos, teoricamente con menos recursos de xestión, o 3,6%. Aínda que as porcentaxes obtidas poidan ser valoradas en xeral como modestas, cabe destacar que concellos como Cee, Ortigueira ou Meira teñen transformado todo o seu solo urbanizable á data de estudo.

Tamén resulta significativo que, globalmente, as porcentaxes de solo transformado industrial en cada nivel de asentamentos son superiores ás do conxunto do resto de usos; isto é máis acusado no SUND dos SUI, onde acada o 49% do solo urbanizable fronte ao 1% do residencial. Segundo estes resultados cabe concluír que as previsións de solo urbanizable para uso industrial axústanse máis á demanda real ou á capacidade de xestión que no caso dos solos de uso residencial (**Ilustración 13 a Ilustración 16**).




Ilustración 13. Superficie de solo urbanizable transformado (%)

Por outra banda, as diferenzas entre porcentaxes de solo transformado de uso industrial nos diferentes niveis de asentamentos (23%, 34%, 22%, 22%) resultan moito menores que no caso do resto de usos, así que é posible que a capacidade e dotación de recursos de cada administración local non sexa un factor determinante, neste caso, para a efectiva transformación do solo.




Ilustración 14. Superficie de solo urbanizable delimitado (SUD) transformado (%)







Ilustración 15. Superficie de solo urbanizable delimitado (SUND) transformado (%)

En todo caso, as porcentaxes de solo urbanizable transformado, tanto se se trata de delimitado ou non delimitado, de uso industrial ou non industrial, reflicten que as previsións do plan urbanístico na meirande parte dos concellos superan con creces a demanda real e/ou poñen de manifesto as dificultades para a xestión urbanística do solo.



Porcentaxe de superficie de solo urbanizable residencial e/ou non industrial transformada

Concellos só con solo Uble. Industrial



Porcentaxe de superficie de solo urbanizable industrial transformada

Concellos só con solo Uble. non industrial





Ilustración 16. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable residencial e/ou non industrial e de solo urbanizable industrial transformada respecto da prevista

A velocidade de transformación do solo nas cidades analizadas (cidades non afectadas por anulacións e/ou suspensións do seu planeamento e con máis de 4 anos de vixencia deste) é, con carácter xeral, agás contadas excepcións, moi superior á que presentan os concellos dos outros niveis. Os valores das medianas reflicten este maior dinamismo das cidades (5,4 ha/ano) fronte ao resto dos niveis do sistema de asentamentos (0,8 nos SUI, 0,2 nos NET e 0,9 no resto de concellos) **Ilustración 17**.




Ilustración 17. Valor da mediana segundo os niveis do sistema de asentamentos

Diferenciando uso industrial e non industrial, o dato é superior para o solo industrial nos concellos do SUI e nos NET mentres que nas cidades (81,2) e no resto de concellos (55,5) é maior a velocidade de transformación do uso residencial (Ilustración 18).




Ilustración 18. Superficie de solo transformado

Os valores obtidos permiten detectar a existencia de concellos do cuarto nivel (con taxa de crecemento composto continuo positivo) cun intenso dinamismo, mesmo con datos de ritmo de transformación de solo superiores aos de moitos de niveis xerarquicamente superiores. A explicación é que entre eles inclúense algúns que, como Oleiros por exemplo (32,8 ha/ano), están situados nas áreas de influencia das cidades galegas, polo que a análise destes resultados debe realizarse nun contexto rexional ou metropolitano. Esta mesma reflexión pode facerse en relación aos resultados da medida 2, nos que se observa unha circunstancia semellante (Ilustración 19 e Ilustración 20).




Ilustración 19. Resultados da medida 2 para os concellos do cuarto nivel e do Sistema de cidades




Ilustración 20. Resultados da medida 3 para os concellos do cuarto nivel e do Sistema de cidades

A análise de resultados, desta medida atendendo aos ámbitos de solo urbanizable delimitado, revela que nas cidades é o uso residencial o que con maior rapidez se desenvolve, ao contrario que nos concellos do SUI e nos NET, onde é o uso industrial o máis transformado por ano. Nos restantes concellos, os valores para uso industrial e residencial ou non industrial son bastante parellos (**Ilustración 21 e Ilustración 23**).




Ilustración 21. Mediana de solo transformado segundo uso e nivel do sistema de asentamentos (SUD)

No caso do solo urbanizable non delimitado reflíctese que o uso industrial transfórmase máis rapidamente que o residencial nos tres últimos niveis, mentres que nas cidades é o solo residencial o que se desenvolve con maior dinamismo (**Ilustración 22 e Ilustración 23**).







Ilustración 22. Mediana de solo transformado segundo uso e nivel do sistema de asentamentos (SUND)



Superficie de solo urbanizable residencial e/ou non industrial transformada por ano



Superficie de solo urbanizable industrial transformada por ano




Ilustración 23. Velocidade ou ritmo da dinámica urbanística

O Grao de axuste temporal¹ na dinámica urbanística, en xeral, presenta valores afastados do 1, o que indica que a superficie de solo transformada non se axusta ao cronograma previsto para o seu desenvolvemento aínda

que existen excepcións como son Santiago (0,9), Ortigueira, Oleiros, Cee ou Pereiro de Aguiar (0,8) que están nunha situación teoricamente axeitada (**Ilustración 24** e **Ilustración 25**).




Ilustración 24. Grao de axuste temporal do solo urbanizable industrial na dinámica urbanística

¹ O grao de axuste calcúlase relacionando dúas fraccións; por unha banda a de superficie de solo transformado respecto á prevista no plan, e por outra, a do tempo transcorrido desde a súa aprobación respecto ao establecido como teórico de vixencia do documento (16 anos ou catro cuadrénios). Pártese do obxectivo de acadar o 100% do desenvolvemento dos solos urbanizables no prazo previsto, polo que o valor ideal do Grao tenderá a 1. Exclúense do cálculo aqueles concellos con documentos con menos de catro anos de vixencia respecto da data do indicador (xaneiro de 2014).




Ilustración 25. Grao de axuste temporal do solo urbanizable residencial ou non industrial na dinámica urbanística.(SUBLE = Solo urbanizable).

O modelo territorial, definido nas DOT en coherencia coa política territorial europea, establece unha estratexia, que atende á preservación do solo como un recurso esencial e limitado. Atendendo a isto, os planeamentos non deberían establecer clasificacións de solo afastadas deste modelo, que deriven nun innecesario consumo de solo e/ou na delimitación de ámbitos para transformación urbanística pouco axustados á demanda real, tal e como pode deducirse da análise de resultados desta medida do indicador (**Ilustración 26 e Ilustración 27**).







Ilustración 26. Grao de axuste temporal para o solo urbanizable segundo os niveis do sistema de asentamento e valor da mediana



Grao de axuste temporal para o solo urbanizable residencial e/ou non industrial



Grao de axuste temporal para o solo urbanizable industrial





Ilustración 27. Grao de axuste temporal para o solo urbanizable residencial ou non industrial e para o solo urbanizable industrial

Repasados os resultados das distintas medidas deste indicador, pode resultar interesante abordar unha análise con outros xa calculados no informe de 2016 da variable de ocupación do territorio: en concreto os de *Crecemento previsto*, *Índice de saturación* e *Fragmentación urbana-Grao de conurbación*.

Idealmente, e axustándose ao modelo territorial definido nas DOT, en cada concello debería aspirarse a unha situación de crecemento controlado e compacto, que evite un consumo de solo innecesario e pouco axustado ás necesidades e ás capacidades de xestión de cada caso.

Atendendo ao anterior, e a fin de conseguir unha mellor contextualización, construíuse o “ranking” de resultados dos 92 concellos avaliados para cada un dos catro indicadores arriba mencionados. No caso do indicador de *Dinámica urbanística*, elixiuse para a comparación o resultado da porcentaxe de solo transformado (Medida 2).

Para o *Índice de saturación*, que pon en relación a superficie do concello coa prevista para su transformación polo plan, traballouse coa clasificación inversa. É dicir, se un concello ocupaba a posición primeira dos 92 concellos nesta listaxe, figura nas gráficas como o 92º; ao entender que o crecemento dun concello debe evitar índices de saturación moi altos.

Trátase de observar se os crecementos previstos nos diferentes concellos resultan compatibles coa situación reflectida polos outros tres indicadores. Así, un alto Crecemento previsto debiera estar correlacionado cun alto índice de transformación urbanística (valores próximos a 1), unha alta compatibilidade sen que ao mesmo tempo se acaden índices de saturación moi elevados.

A través das gráficas máis abaixo reflectidas, é posible comprobar, concello a concello, cal é a súa situación con respecto á posición que ocupa na listaxe de resultados establecida para cada un dos catro indicadores. As gráficas corresponden aos diferentes niveis do Sistema de asentamentos nos que se encadran os concellos analizados (**Ilustración 28 a Ilustración 31**).




Ilustración 28. Comparativa. Sistema de cidades




Ilustración 29. Comparativa. Sistema urbano intermedio




Ilustración 30. Comparativa. Nodos para o equilibrio do territorio




Ilustración 31. Comparativa. Outros concellos principais

Revisadas as gráficas é posible observar situacións moi dispares entre os 92 concellos. Atendendo de novo ao Modelo territorial definido nas DOT, un concello situado nas primeiras posicións de *Crecemento previsto*, tamén debería ocupar posicións semellantes nas outras tres clasificacións; isto indicaría que a previsión de crecemento do planeamento podería ser realista e axustada ás necesidades, moderada atendendo a base territorial e formalmente compacta. Obviamente, isto non é máis que unha aproximación con moitas eivas, xa que hai cuestións como a extensión superficial do concello (unidade administrativa) ou as peculiaridades xeográficas condicionantes dos crecementos, que non deben esquecerse, xa que inciden de xeito moi determinante nestas análises.

Calculouse a desviación estándar dos catro valores de cada concello e os resultados recóllense no seguinte mapa (**Ilustración 32**). Un baixo valor desta desviación induciría a valorar a situación como de certo equilibrio entre as catro variables analizadas. Porén, un valor elevado deste índice non pode sempre entenderse como unha situación desfavorable, xa que calquera que sexa o crecemento previsto nun concello, o desexable será sempre que se produza coa máxima compacidade, co menor consumo de solo e do xeito máis eficiente dende o punto de vista da xestión urbanística. Antes de obter unha conclusión definitiva deberíañse analizar o signo desta desviación, xa que pode ser consecuencia da situación dun concello que combina un baixo índice de crecemento previsto cun óptimo escenario atendendo aos outros tres indicadores considerados.




Ilustración 32. Desviacións estándar dos valores de cada concello

Analizando a mediana destes valores por niveis do Sistema de asentamentos obtense resultados moi parellos (**Ilustración 33**).




Ilustración 33. Desviacións estándar dos valores por niveis do sistema de asentamentos

Segundo a determinación 3.1.4 das DOT:

"Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevexan o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, para tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia".

Deste xeito, debe preservarse o solo, especialmente o de maior valor produtivo e ambiental como soporte de servizos ecosistémicos fundamentais.

As DOT establecen tamén un sistema de asentamentos segundo unha estrutura xerárquica de nodos de centralidade, que debe ser potenciado. Estes asentamentos constitúen centros de oportunidade para mellorar a cohesión social e a equilibrada distribución de dotacións e equipamentos no territorio. Atendendo a isto, a determinación 3.1.5 das DOT establece que os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico *"priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior. Ademais, evítanse os crecementos ao longo das vías de comunicación"*.

Esta determinación incide así na aposta pola sustentabilidade territorial a través da adopción de solucións de reforma e rehabilitación dos inmobles existentes, a edificación dos solares baleiros ou a mestura de usos complementarios, que redundan nunhas mellores condicións para unha mobilidade eficiente.

OC.C.07 Demandantes de vivenda protexida.

O indicador *Demandantes de vivenda protexida* atende fundamentalmente a dous criterios: coñecer territorialmente a demanda de vivenda de protección oficial e favorecer un urbanismo sustentable.

A procura dun territorio sustentable obriga a unha política de vivenda que inclúa as estratexias para un consumo racional de solo, que, no posible, dea prioridade á rehabilitación sobre a nova construción. Así mesmo, atender ás necesidades de vivenda da sociedade é unha das funcións das administracións públicas na procura dunha comunidade cohesionada.

O Rexistro único de demandantes de vivenda da comunidade Autónoma de Galicia establece unha diferenciación da demanda segundo o réxime das vivendas — promoción pública (VPP) ou autonómica (VPA), e a forma de adquisición —alugueiro ou compra, tamén identifica a demanda de vivenda pública en núcleos rurais ou históricos. Isto permite favorecer a renovación e reutilización de patrimonio construído, reducir a construción de nova planta e ao tempo propiciar a conservación de valores culturais e paisaxísticos.

A vivenda protexida de promoción pública (VPP) é a máis demandada no rexistro, con 10.599 demandantes, mentres que a vivenda protexida de promoción autonómica (VPA) presenta 1.518 demandantes. En ambos casos destacan as áreas urbanas, en particular Vigo, con máis de 3.800, e A Coruña, con 2.100; Ourense é a area urbana cun rexistro máis baixo, pouco máis de 200. Nas vilas cabeceira e subcabeceira do Sistema urbano intermedio, destaca Vilagarcía de Arousa, con 187 demandas rexistradas, fronte a Monforte de Lemos, con 71, Sarria, con 62, ou Foz, con 52, como valores máis próximos.

Afondando na caracterización dos datos, os demandantes de VPP en réxime de alugueiro representan o 75,06% do total fronte ao 17,22% en réxime de alugueiro con opción de compra, relegando ás vivendas en réxime de compra a un 7,72% do total. No que se refire a VPA os réximes de alugueiro e de compra presentan datos similares, co 45,52% e 42,95% respectivamente, mentres que o alugueiro con opción de compra representa un 11,53% do total (**Ilustración 34**).

Dispoñer de datos fiables de demanda de vivenda protexida permite axustar as políticas de vivenda ás necesidades reais da poboación no marco do indicado nas DOT ao referirse á necesidade de planificar sobre un diagnóstico xustificado. Diferenciar a demanda segundo sexa o réxime de vivendas de protección oficial de promoción pública e de promoción autonómica contribúe á eficiencia das políticas de vivenda. Coñecer de xeito diferencial a demanda en núcleos rurais e históricos e atendela pode conducir á revitalización das zonas rurais e das zonas históricas de vilas e cidades. A demanda de vivenda nestes ámbitos rurais e históricos favorecen a rehabilitación do patrimonio construído sobre a construción de vivenda nova, propiciando a conservación de valores paisaxísticos e culturais.




Ilustración 34. Gráfico demandantes de vivenda protexida

Subbloque Riscos

OC.D.01 Risco de asolagamento

Este indicador mostra, por concello, os quilómetros de río en risco de asolagamento (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación, ARPSI), e a poboación afectada pola chaira de inundación asociada ás enchentes producidas cun período de retorno de 100 anos nesas ARPSI (**Ilustración 35**). O indicador integra os datos procedentes dos catro organismos de bacía presentes en Galicia (Miño-Sil, Galicia-Costa, Cantábrico Occidental e Duero).

As ARPSI fluviais suman un total de 1.002 km fronte ás costeiras con 161 km. A poboación afectada, no primeiro caso, ascende a 56.591 habitantes mentres que, no segundo, é de 11.538 persoas. Os 1.002 km de ARPSI fluviais concéntranse en máis da metade dos concellos (175), dos cales, en 136 só se localizan de orixe fluvial, en 8 só de orixe costeira e en 31 hainas fluviais e costeiras (**Ilustración 36 a Ilustración 39**).

Monforte de Lemos é o concello con máis quilómetros de ARPSI fluvial (43,62 km), seguido de Lugo (35,89 km), Castro de Rei (34,56 km) e Cospeito (29,43 km), todos eles integrados na demarcación hidrográfica Miño-Sil. Os concellos con máis quilómetros de ARPSI costeiras son Vigo (27,48 km), Viveiro (11,30 km), Cervo (11,09 km) e Nigrán (1 0,41 km).

Betanzos é o concello con maior número de habitantes afectados pola zona de asolagamento no período de retorno de 100 anos dunha ARPSI fluvial, con 7.884 persoas, seguido de Ourense (7.421 persoas), Monforte de Lemos (3.434), Lugo (3.321) ou O Barco de Valdeorras (3.116). Entre os concellos con máis poboación afectada por unha ARPSI costeira destaca de novo Betanzos, con 3.185 habitantes na zona de asolagamento. Cómpre subliñar que non hai unha correlación entre km de treito de río en risco con poboación afectada. Así, o concello de Betanzos acada o maior valor en poboación afectada e a lonxitude de ARPSI ocupa o posto trixésimo quinto.

Por outra banda, na franxa litoral, son numerosos os concellos nos que o risco se incrementa como consecuencia de que están sometidos simultaneamente a posibles inundacións costeiras e fluviais.

A identificación das zonas cun maior risco de asolagamento e da poboación que puidera verse afectada por estes fenómenos resulta imprescindible

para deseñar e priorizar as actuacións orientadas a previr o risco e minimizar os danos.





Ilustración 35. Lonxitude de ARPSI e poboación afectada.



Lonxitude das áreas con risco potencial significativo de asolagamento (ARPSI) costeiras (km por concello)





Ilustración 36. ARPSI costeiras (km por concello)



Poboación en ARPSI costeiras
Número de habitantes afectados





Ilustración 37. Poboación afectada en ARPSI costeiras (Número de habitantes)



Lonxitude das áreas con risco potencial significativo de asolagamento (ARPSI) fluviais (km por concello)





Ilustración 38. ARPSI fluviais (km por concello)



Poboación en ARPSIs fluviais
Número de habitantes afectados




Ilustración 39. Poboación afectada en ARPSI fluvial (Número de habitantes)

Paisaxe

Táboa 4. Indicadores do bloque Paisaxe

Subbloque	Indicador	Ámbito
Dinámica da paisaxe	Diversidade da paisaxe	DOT
	Índice de xestión das paisaxes	DOT
Xestión da paisaxe	Aplicación dos instrumentos da Lei da Paisaxe	DOT

Os indicadores de Paisaxe, estruturados nos subbloques de Dinámica da paisaxe e Xestión da paisaxe, analizan a transformación que acusan os diferentes elementos que configuran a paisaxe e o grao de aplicación da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia para aproximarse aos obxectivos de calidade paisaxística.

Subbloque Dinámica da paisaxe

PAI.A.01 Diversidade da paisaxe

Este indicador estuda a composición e a estrutura da paisaxe; a composición entendida como os tipos de coberturas que a compoñen, e a estrutura como a disposición, localización ou arranxo espacial dos tipos de coberturas ou manchas que a conforman.

O indicador está baseado en métricas espaciais, atendendo exclusivamente á distribución e relación da cobertura agrícola e forestal, o que permite cuantificar de forma obxectiva a evolución da paisaxe e o cumprimento dun dos obxectivos de calidade paisaxística enunciado nas Directrices de Paisaxe como “Fomento dunhas paisaxes agrícolas e forestais diversas”.

Este obxectivo poderá avaliarse en certa medida coa información aportada pola evolución deste indicador.

O SIOSE 2011 indicaba unha baixa diversidade agrícola, onde os cultivos e prados supoñían a cobertura dominante en case a cuarta parte da superficie agrícola de Galicia, máis acusada nas Grandes áreas paisaxísticas do sur da Comunidade Autónoma fronte ás do norte que presentaban unha maior intensificación da agricultura (Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas) .

A análise da variación entre 2011 e 2014, a partir do SIOSE, acentúa a baixa diversidade agrícola sen que se modifiquen os cultivos dominantes (cultivos e prados), que presentan unha estrutura dimensional moi desigual, ao contrario que as restantes coberturas agrícolas moito máis uniformes.

No caso da cobertura forestal, o índice de Shannon amosa un valor elevado que no período 2011-2014 experimenta unha variación negativa, máis acusada nas Serras suorientais e na Galicia setentrional. En relación ás porcentaxes que ocupa cada cobertura forestal considerada, estas son bastante similares. A cobertura forestal máis abundante é a de especies caducifolias, que ocupa case o 14% de Galicia.

Non obstante, a área media das manchas desta cobertura é das máis baixas de todas as coberturas forestais. Asemade, a variabilidade do tamaño destas manchas é bastante elevada. A porcentaxe de “manchas” ocupadas polos cultivos forestais máis intensivos (eucalipto, coníferas e repoboacións forestais) é superior á das especies caducifolias mentres que en valor absoluto é superior a superficie ocupada polas caducifolias. O tamaño tamén difire entre coberturas: as manchas de eucalipto son máis heteroxéneas que as de coníferas, cun coeficiente de varianza moito máis baixo.

Para o período 2011-2014, a diversidade agrícola sinala as maiores perdas de cobertura agrícola nas grandes áreas situadas no nordeste de Galicia nas que desaparecen pezas de mosaico ao tempo que se incrementa a superficie forestal (**Ilustración 40**).




Ilustración 40. Variación do índice de diversidade agrícola e forestal no período 2011-2014

PAI.A.02 Índice de xestión das paisaxes agroforestais

Un dos obxectivos fixados polas directrices da paisaxe é fomentar paisaxes agroforestais ben xestionadas. A avaliación deste obxectivo abórdase a través da análise dunha serie de métricas espaciais, entre elas, o índice de diversidade ou índice de Shannon de coberturas agroforestais.

O obxectivo da análise da diversidade da paisaxe agroforestal é ofrecer información sobre a composición e estrutura da paisaxe en relación cunha maior integración entre usos agrícolas e forestais. Neste sentido a diversidade agroforestal pode ser analizada segundo varias medidas, como o tamaño, a forma e o patrón espacial das manchas, determinado pola conectividade, heteroxeneidade, dominancia e distancia entre elas

Este indicador permite aproximarse ao obxectivo de calidade paisaxística enunciado na participación pública das Directrices da paisaxe como “Paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas” co obxectivo de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo criterios de sustentabilidade.

Canto máis alto sexa o índice da diversidade da paisaxe agroforestal maior será a diversidade de manchas forestais e agrícolas e máis mesturadas estarán, indicando unha maior integración entre usos (existencia de sebes, pequenos rodais ou bosques lineais, pastos permanentes en zonas forestais,...).

O índice de Shannon agroforestal para Galicia é elevado. Por grandes áreas paisaxísticas, a diversidade agroforestal é menor nas áreas do centro e este de Galicia. Estas zonas coinciden coas que teñen menor diversidade de coberturas tanto agrícolas como forestais. No caso da grande área Chairas e Fosas Luguesas e Serras Orientais, a baixa diversidade agroforestal débese a que a diversidade agrícola é moi baixa e a diversidade forestal é tamén das máis baixas.

Por comarcas paisaxísticas o valor do índice de diversidade agroforestal é moi semellante ao de diversidade agrícola. A fin de contas, as coberturas agrícolas son as máis abundantes en case tódalas comarcas e teñen un gran peso á hora de calcular o índice de Shannon de coberturas agroforestais. As comarca litorais do sur de Galicia, son as que presentan a maior diversidade agroforestal, namentres que as comarcas de Terra de Chantada e Alto Arnoia, son as que presenta a menor diversidade agroforestal de Galicia.

Os resultados do índice, para o período 2011–2014 a partir do SIOSE indican unha lixeira diminución en termos de diversidade agroforestal (**Ilustración 41**).




Ilustración 41. Evolución do indicador Índice de xestión das paisaxes agroforestais (2011-2014)

Subbloque Xestión da paisaxe


PAI.C.01 Aplicación dos instrumentos da Lei da protección da Paisaxe

O indicador amosa a materialización dos compromisos derivados da ratificación do Convenio europeo da paisaxe polo Estado español e aplicado pola Administración galega. Neste sentido, o artigo 8 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia contempla como instrumentos específicos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe: os catálogos da paisaxe, as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística e os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

Coa publicación do Decreto 119/2016, de aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia, dáse por cumpridas as medidas unha e dúas deste indicador polo que deixan de ser obxecto de seguimento.

En relación á medida tres, durante o ano 2016 o número de estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP) realizados foi de 51 (**Ilustración 42**) e o seu ámbito de afectación abarcou un total de 47 concellos (ademais dun estudo a nivel provincial). En relación ao ano anterior, aumentaron un 112,5%.

Por provincias, o 33% dos EIIP corresponden a provincia da Coruña, o 24% a de Lugo, e a Ourense e Pontevedra o 16 e 8% respectivamente.



Número de EIIP realizados en cada concello no período 2009 -2016

206 Concellos

0 2 4 6 - 7 8 - 22

Ilustración 42. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo, de protección da paisaxe de Galicia 2016

Patrimonio natural

Táboa 5. Indicadores do bloque Patrimonio natural

Subbloque	Indicador	Ámbito
Biodiversidade	Superficie de interese para a conservación de corredores	POL
Xestión	Superficie de espazos naturais protexidos (ENP)	DOT/POL
	Superficie con instrumentos de planificación dos ENP	DOT/POL
	Ocorrencia de incendios	DOT

No modelo territorial proposto polas DOT os recursos que constitúen o patrimonio natural de Galicia son un dos sinais identitarios máis representativos de Galicia, non só desde o punto de vista da diversidade biolóxica, senón tamén desde o entendemento deste como un factor de desenvolvemento socioeconómico, polo que resulta relevante a súa planificación e xestión orientada a garantir a súa conservación e mellora.

No que se refire á variable Patrimonio Natural, dos indicadores definidos só dous sofren algunha variación: **Superficie de interese para a conservación en corredores** e **Ocorrencia de incendios**.

A **Superficie de espazos naturais protexidos** permiten relacionar a delimitación destes espazos naturais, con e sen instrumento de xestión ou ordenación, con outros fenómenos como a *Ocorrencia de incendios* ou a *Connectividade ecolóxica*, xa que os espazos naturais proporcionan áreas continuas de hábitats de interese, evitando a fragmentación da paisaxe e favorecendo a calidade e integridade desta.

Subbloque Biodiversidade

PN.B.01 Superficie de interese para a conservación de corredores

Os corredores ecolóxicos no ámbito do Plan de ordenación do litoral (POL) están concibidos coa idea de dar continuidade ao resto de áreas de protección porque contribúen ao mellor funcionamento e diversidade dos ecosistemas e das paisaxes e tamén a minimizar a fragmentación provocada por outros usos.

Co obxectivo de garantir a conectividade dos espazos e hábitats costeiros co resto do territorio, así como a xestión dos espazos máis adecuados para este fin, delimítanse os corredores sobre os espazos que propicien a conservación dos valores ecolóxicos e a función de conectividade entre espazos litorais e zonas do interior.

A adaptación ao POL dos plans xerais de ordenación municipal inclúe o tratamento destes espazos, tanto se se adoptan na súa integridade ou se se modifican. Tendo en conta os plans xerais de ordenación municipal adaptados ao POL (2013), a superficie de corredor ecolóxico non sofre variación significativa con respecto á delimitada no POL, a variación é dun +0,44% respecto á inicial (**Ilustración 43**).




Ilustración 43. Superficie de interese para a conservación de corredores 2011-2015

Subbloque Xestión

PN.C.01 Superficie de espazos naturais protexidos

Non se produciron novas declaracións de espazos protexidos. A Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) representa un 12,14% do territorio galego, as áreas protexidas no marco da Rede Natura 2000 o 11,99% e os espazos incluídos en ámbitos Reserva da Biosfera o 24,63% (**Ilustración 44**).




Ilustración 44. Superficie de espazos naturais protexidos (2016)

PN.C.02 Espazos naturais con instrumentos de planificación

A lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza establece que a planificación dos espazos naturais protexidos efectuarase mediante os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, os Plans Reitores de Uso e Xestión ou os Plans de Conservación.

A Rede Natura 2000 abrangue 306.952,50 ha. Así, a superficie da Rede Galega de Espazos Protexidos suxeita a algún instrumento de planificación representa o 99,5% da superficie total (**Ilustración 45**).




Ilustración 45. Evolución dos espazos naturais con instrumentos de planificación (2012-2016)

PN.C.03 Ocorrencia de incendios

Este indicador ten un comportamento conxuntural, dependendo en gran medida das condicións meteorolóxicas mais tamén do factor humano, pois unha alta porcentaxe de incendios son intencionados e case todos teñen unha orixe vinculada ao home, existindo ademais unha gran correlación entre condicións meteorolóxicas extremas e actividade incendiaria. Deste xeito cómpre ter en conta estas características na avaliación dos resultados. A tendencia da superficie incendiada e do número de incendios nas últimas décadas é á baixa aínda que con algúns picos correspondentes, polo xeral, a anos con condicións meteorolóxicas favorables para o inicio e propagación dos incendios forestais. Os dous últimos picos rexistráronse nos anos 2006 e 2011. No período 2011-2016 diminúe o número de incendios total e o número de incendios por km², así como o número de hectáreas queimadas. Así, no ano 2016, a superficie incendiada e o número de incendios é inferior nun 39% e nun 7% respectivamente respecto da media dos dez anos anteriores (2006-2015) (**Ilustración 46 e Ilustración 47**).

A superficie total incendiada en Galicia no ano 2016 foi de 21.534 hectáreas e o número de incendios forestais de 2.354. A provincia con maior afección por incendios forestais é Ourense, cun 53% da superficie incendiada e un 33% do número de incendios no ano 2016.




Ilustración 46. Superficie incendiada e número de incendios 2011– 2016




Ilustración 47. Evolución da superficie incendiada 2011 - 2016

Patrimonio cultural

Táboa 6. Indicadores do bloque Patrimonio cultural

Subbloque	Indicador	Ámbito
Abundancia e diversidade	Número de BIC	DOT
Valorización	Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais	DOT

En consonancia coa Estratexia Territorial Europea 2020, tanto as DOT como o POL sinalan a valorización do patrimonio cultural como factor de atracción do territorio e potencial de desenvolvemento socioeconómico, en especial, nas áreas de menor dinamismo do país, que se localizan habitualmente no medio rural.

Completar o Inventario de bens patrimoniais, así como protexer de forma axeitada estes elementos, son determinacións que as DOT impoñen ao conxunto da sociedade e particularmente á Administración pública. O bloque de Patrimonio Cultural, co que se pretende analizar o recoñecemento e valorización do patrimonio humano, definiu dous indicadores, un relacionado cos Bens de Interese Cultural (BIC) e outro centrado nas accións de conservación sobre os bens materiais do patrimonio cultural.

Subbloque Abundancia e diversidade


PC.A.01 Número de BIC

A identificación e rexistro de BIC vai en aumento ano tras ano. Segundo a última información dispoñible (2016), en Galicia están identificados cun número de rexistro individual 730 bens inmobles. Esta cifra supón un incremento do 12% respecto aos datos manexados no primeiro informe deste plan de seguimento. Non obstante, cómpre aclarar que daquela contabilizábanse tamén os bens mobles e, pola contra, non se tiñan en conta os bens incoados.

O número de bens con declaración xenérica é superior ao de bens con declaracións específicas: 457 fronte a 273, que supoñen o 63% e o 37% do total de BIC.

No ano 2016, en marzo e abril, incoáronse mediante cadansúa resolución da Dirección Xeral de patrimonio cultural (DXPC) dous bens: a pintura mural de Urbano Lugrís González, na rúa Real da Coruña, e o pazo de Quintáns ou do Casal (Sanxenxo). Máis adiante, en agosto, a entrada en vigor da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, supuxo a consideración de BIC para o Arquivo de Galicia, a Biblioteca de Galicia e o Mupega (Santiago de Compostela), a Biblioteca pública Juan Compañel (Vigo), o Museo Massó (Bueu) e os Camiños do Norte (ruta da costa e ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Ovedo), que transcorren por 16 e 9 municipios respectivamente. Por último, no mes de outubro, incluíse tamén no rexistro BIC a batería do Soberano ou do Castelo (Camariñas), mediante unha resolución da DXPC (**Ilustración 48**).

Os resultados deste indicador, a través de toda a serie temporal analizada, demostran que se continúa avanzando na liña marcada polos instrumentos orientadores da política patrimonial e territorial, recollidos nas DOT, en concreto, no que se refire a completar o inventario de bens do patrimonio cultural (det. 9.1), a fomentar a súa preservación mediante medidas de protección e de accións positivas para a súa restauración, rehabilitación e restauración (det. 9.2).



Número de bens de interese cultural acumulados (2016)



Ilustración 48. Número de BIC (ano 2016)

Subbloque Valorización

PC.B.01 Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

O patrimonio cultural galego continúa valorizándose. De feito, o número de autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural seguiu aumentando ao longo do período analizado (2013-2016) ata totalizar as 27.429 **(Ilustración 49)**.

A maioría das autorizacións contabilizadas refírense ás concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para intervencións tanto de obra maior como menor pero cómpre salientar, polo incremento porcentual experimentado, as autorizacións do Comité de Camiño, cunha variación do 156% dende 2013. Pola contra, detectouse unha caída das actuacións sobre elementos arqueolóxicos durante o ano 2016.

Non se conta con información actualizada de dúas provincias (A Coruña e Ourense) en relación ás autorizacións concedidas polos concellos para actuar nos conxuntos históricos con plans especiais pero a serie temporal amosa un decrecemento da actividade en Galicia.

No tocante aos conxuntos históricos, cómpre engadir que a entrada en vigor da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, supón a perda desa condición para a Comarca Eumesa, que pasa a ter a consideración provisional de paisaxe cultural, e para o Camiño Francés, que agora é un territorio histórico. En consecuencia, nas provincias da Coruña e Lugo débense contabilizar menos conxuntos históricos.




Ilustración 49. Evolución das autorizacións 2013-2016

Sociedade e economía

Os indicadores que constitúen o bloque de Sociedade e Economía analizan un amplo abano de aspectos sociais e económicos que permiten avaliar a aproximación a dous obxectivos globais: o aumento da cohesión social e a diversidade de usos e funcións do territorio.

Táboa 7. Indicadores do bloque Sociedade e economía

Subbloque	Indicador	Ámbito
Espectro social	Variación da poboación (nº de habitantes)	DOT/POL
	Densidade de poboación	DOT/POL
	Poboación en áreas pouco poboadas	DOT/POL
Complexidade	Diversidade de actividades económicas	DOT/POL
	Actividade comercial	DOT/POL
Emprego e formación	Poboación ocupada por ramas actividade	DOT/POL
	Formación especializada	DOT/POL
Autosuficiencia	Autocontención laboral	DOT/POL
	Autosuficiencia en emprego	DOT/POL
Innovación	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais	DOT/POL
	Número de certificacións en vigor con sistema de xestión ambiental	DOT
	Instalacións con autorización ambiental integrada	DOT
Agricultura e gandería	Agricultura ecolóxica	DOT
	Especialización gandeira	DOT
	Carga gandeira	DOT
	Especialización agrícola	DOT
Pesca e acuicultura	Especialización acuícola	DOT
	Capacidade pesqueira	
	Ocupación pesqueira	DOT
Aproveitamento forestal	Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal	DOT
Turismo	Intensidade turística	DOT/POL
	Estacionalidade turística	DOT/POL

Subbloque Espectro social

SE.A.01 Variación da poboación (nº de habitantes)

Galicia continúa perdendo poboación. No ano 2016, contaba con 2.718.525 habitantes, case 49.000 menos que en 2006, o que representa unha diminución do 1,8% nun decenio. A porcentaxe de concellos con variación poboacional negativa acada o 80% en 2006-2016, o 89% en 2011-2016 e o 88% en 2015-2016.


O ámbito rural continúa a ser o máis regresivo (Dozón, Chandrexa de Queixa, San Xoán de Río, A Texeira, Avión, Arbo, etc.) e, en especial, algúns concellos localizados nos límites provinciais. Mentres, as periferias urbanas experimentan as variacións relativas máis positivas, aínda que van amainando (Ames, Barbadás, San Cibrao das Viñas, Salceda de Caselas, Soutomaior, O Porriño...). Neste sentido, é relevante que varios concellos dos que acubillan as cidades principais continúan perdendo dinamismo, o que acentúa o contraste coas súas orlas metropolitanas. Cabe destacar que Lugo, Pontevedra e Santiago de Compostela aínda continúan gañando poboación, en contra da tendencia xeral.

Os resultados obtidos nos tres niveles do sistema de asentamentos con influencia supramunicipal (grandes cidades, sistema urbano intermedio e nodos para o equilibrio do territorio) están a reflectir unha diminución do continxente poboacional, especialmente acusada nos NET, cuxos valores se sitúan por debaixo da media galega en calquera dos tres períodos analizados. Esta evolución entra en conflito coas DOT, en concreto, coa necesidade de consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades cunha adecuada base urbana e de servizos.

Nos concellos incluídos total ou parcialmente no ámbito do POL estaban empadroados 1.558.504 habitantes no ano 2016, case 6.000 máis que en 2006. A variación relativa tomou o valor de 0,4%, polo que a poboación costeira está reforzando o seu peso relativo en Galicia (56,1% en 2006 e 57,3% en 2016), ao ir concentrándose no Eixo Atlántico (ámbito que intersecciona co POL).

Os datos confirman que a variación poboacional non é totalmente coherente co modelo territorial no sistema de asentamentos con influencia supramunicipal. No litoral, só o segundo nivel (SUI) rexistrou unha variación positiva durante o período decenal (0,6%), aínda que vai esmorecendo (no anterior

informe acadara un 1,6%). Así e todo, este valor contrasta co do nivel SUI completo e co de Galicia, que son negativos, e supera en dous puntos porcentuais a media do ámbito POL. Polo que respecta ás evolucións quinquenal (-2,1%) e anual (-0,4) continúan sendo negativas e agudízanse, o que indica que está cambiando a tendencia evolutiva tamén neste nivel territorial (**Ilustración 50**).



Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2006-2016)

■ -43 - -32 ■ -31 - -15 ■ -14 - -7 ■ -6 - 0 ■ 1 - 7 ■ 8 - 32

Ilustración 50. Variación relativa da poboación no decenio 2006-2016

SE.A.02 Densidade de poboación

A serie temporal analizada (2011-2016) indica que a densidade de poboación está a diminuír lenta pero progresivamente na Comunidade Autónoma. No ano 2016, Galicia contaba cunha densidade media de 91,9 habitantes por km², o que supón unha redución de 2,6 unidades nun quinquenio (94,5 habitantes por km² en 2011).

Durante ese tempo, só 33 concellos, situados nas áreas e rexións urbanas, conseguiron manter ou densificar a súa poboación (Barbadás, O Porriño, Ames, Oleiros, San Cibrao das Viñas, Cangas, Cambre, Poio, Sada...). En cambio, as grandes cidades e os pequenos municipios urbanos acusaron os maiores descensos porcentuais (Ferrol, A Coruña, Mondariz-Balneiro, Rábade e Vigo) (**Ilustración 51**).

En liñas xerais, a densidade de poboación diminúe progresivamente de acordo cos chanzos do sistema de asentamentos do modelo territorial pero o nivel dos NET conta cunha densidade tan baixa (35,8 hab./km²) que se aproxima máis á realidade do medio rural (ZPP¹ baixa), o que lle resta base humana para exercer funcións urbanas.

No rural, a densidade media cífrase en 21,8 habitantes por km², distribuídos en 273 concellos (87% do total) e hai 41 municipios que non contan con ningunha parroquia clasificada como ZPP baixa (**Ilustración 52**).

No ámbito de xestión do POL existe unha densidade moito máis elevada que en Galicia: 310,7 habitantes por km². Aínda así, desapareceron 5,2 habitantes dende o ano 2011.

A densificación acada a súa máxima expresión nos concellos da Coruña, Vigo e Burela. A partir de aí, os resultados mostran un salto cuantitativo. As outras dúas cidades costeiras (Ferrol e Pontevedra) e as periferias urbanas xeradas tanto nas Rías Baixas como no Golfo Ártabro aínda contan cunha densidade alta pero esta vai diluíndose noutros tramos do litoral, fundamentalmente cara ao Mar Cantábrico e Costa da Morte.

O medio rural tamén está máis densamente poboado no litoral (con 46,8 habitantes/km²) que no conxunto da Comunidade, pero redúcese a diferenza entre os dous ámbitos xeográficos (ZPP baixa de DOT e POL).

¹ Zona pouco poboada segundo a clasificación do IGE baseada en Eurostat





Ilustración 51. Habitantes por Km² (2016)



Densidade de poboación na ZPP baixa (2016)




Ilustración 52. Densidade de poboación na ZPP baixa por concello (2016)


SE.A.03 Poboación en áreas pouco poboadas

O 19,8% da poboación galega reside na zona pouco poboada baixa (rural), a cal abrangue o 83,5% da superficie da Comunidade Autónoma. Existe unha asimetría territorial que se reflicte na presenza aínda significativa de poboación rural nas provincias orientais (45,4% en Lugo e 38,3% en Ourense) mentres que, nas occidentais, a proporción diminúe considerable (16,4% na Coruña e 8,5% en Pontevedra).

O número de concellos que teñen o 100% da súa poboación residindo no rural ascende a 70 en Ourense, a 51 en Lugo, a 26 na Coruña e a 12 en Pontevedra. Polo contrario, a cantidade de municipios sen ningún habitante empadroadado no rural ascende a 26 en Pontevedra e 13 na Coruña, mentres que Lugo e Ourense teñen unicamente cadanseu concello (**Ilustración 53**).

Simultaneamente, o 55,5% da poboación reside fóra dos Nodos para o equilibrio do territorio (NET) e o seu peso reduciuse en 1,1 puntos porcentuais dende o ano 2013 (**Ilustración 54**).

Pese a que o despoboamento do ámbito rural é un fenómeno moi estendido e posiblemente irreversible, nalgúns comarcas, os resultados deste indicador demostran que a redistribución da poboación é un proceso coherente co modelo territorial das DOT porque a proporción de poboación rural garda unha relación inversa co nivel do sistema de asentamentos: 1,3% nos concellos das grandes cidades, 16,0% no SUI e 47,0% nos NET.



Porcentaxe de poboación en ZPP baixa (2016)





Ilustración 53. Porcentaxe de poboación en ZPP baixa (2016)



Evolución da porcentaxe de poboación fóra do NET (2013-2016)




Ilustración 54. Evolución da porcentaxe de poboación fóra do NET (2013-2016)

No ámbito de xestión do POL, case 60.000 persoas habitan áreas pouco poboadas pero, en termos porcentuais, representan unha minoría: o 4,3% do total. O proceso de metropolización do territorio, que consiste en ir colonizando os espazos adxacentes ás cidades, moitas veces mediante un proceso de urbanización difusa, reduciu drasticamente a superficie ocupada polo espazo agrario tradicional, en especial no Golfo Ártabro e nas Rías Baixas.

De resultas diso, 42 dos 82 municipios do ámbito POL xa non teñen ningunha parroquia que poida considerarse ZPP baixa. O caso contrario está representado por 12 concellos que aínda teñen todos os seus habitantes residindo en ZPP baixa dentro do ámbito de xestión do POL Oia, Carnota, Dumbria, Muxía, Vimianzo, Carballo, A Laracha, Mañón, O Vicedo, Xove, Barreiros

Na costa, este indicador tamén manifesta a coherencia co modelo territorial, deixando moi patente que existe unha relación inversa entre a proporción de poboación en áreas pouco poboadas e os niveis do sistema de asentamentos con influencia supramunicipal (0,3% nos concellos das grandes cidades, 8,5% nos do SUI e un 56,9% nos NET). Son cifras inferiores ás obtidas para todo o territorio galego, tanto no nivel das grandes cidades como no SUI, pero non así nos NET, en parte porque este terceiro nivel está escasamente representado na costa (Vimianzo e Ortigueira), o cal distorsiona os resultados ([Ilustración 55](#)).




Ilustración 55. Porcentaxe de poboación en zona ZPP baixa 2016 en ámbito do POL

Subbloque Complexidade

SE.D.01 Diversidade de actividades económicas

A diversidade de actividades económicas, calculada a partir do índice de Shannon aplicado aos traballadores que desenvolven a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, acada o valor 5,19 e no 50% dos concellos este índice é superior a 4,11 en 2015.

En xeral, as rexións e áreas urbanas amosan unha diversidade máis elevada, en especial, algúns municipios do litoral atlántico (Vigo, Narón, O Porriño, Nigrán, Vilagarcía de Arousa, A Coruña etc.). Tamén ocupan postos salientables algúns concellos da área da capital autonómica (Teo, Ames e, a certa distancia, Santiago de Compostela) e algúns dos que lideran os niveis de asentamentos con influencia supramunicipal nas DOT (As Pontes de García Rodríguez, Monforte de Lemos, Lalín, Carballo, Tui, etc.).

Os resultados deste indicador denotan a importancia que teñen as comunicacións terrestres para a localización do tecido empresarial e a interdependencia que existe entre as distintas ramas de produción, e entre estas e os asentamentos de poboación (**Ilustración 56**).

No ano 2015, Galicia contaba con 84,9 establecementos empresariais por cada 1.000 habitantes, un máis que en 2013; este incremento relaciónase máis co descenso do número de habitantes, que pasou de 2.765.940 (ano 2013) a 2.732.347 (ano 2015) que ao aumento dos establecementos empresariais, xa que en realidade baixan de 231.996 a 231.946 (**Ilustración 57**).


Non se observa unha correlación taxativa entre a diversidade dos empregos e a razón per cápita das empresas pero case todos os concellos cunha diversidade superior á mediana posúen un número de establecementos empresariais por cada 1.000 habitantes superior á súa correspondente mediana e a maioría dos que teñen unha diversidade inferior a 3, contan tamén cunha razón baixa ou media.

No ámbito litoral, a actividade económica desenvolvida amosa unha diversidade similar á do conxunto de Galicia (5,17 fronte a 5,19) pero a mediana é superior na costa (4,45 fronte a 4,11).

A diversidade máis elevada do territorio costeiro detectouse na ribeira meridional da Ría de Vigo, na área urbana da Coruña, e nalgúns concellos como Narón, Vilagarcía de Arousa e Boiro.

A pesar de que o 57% dos establecementos empresariais de Galicia están situados no litoral, o número de establecementos por cada 1.000 habitantes aquí é lixeiramente menor (84,2 fronte a 84,9), por existir unha maior densidade de poboación. Ademais, o 50% dos concellos costeiros superan os 70,64 establecementos/1.000 habitantes, cando en Galicia esta porcentaxe de concellos só superan os 64,63 establecementos/1.000 habitantes.

Os municipios con maior representación empresarial por habitante (>100 establecementos/1.000 hab.) son Bergondo, A Coruña, Ribadeo, Cee e Sanxenxo; ao mesmo tempo, estes municipios ocupan as posicións 11ª, 5ª, 50ª, 45ª e 24ª na clasificación por diversidade de actividades económicas.




Índice de diversidade de Shannon coa rede de estradas principais superposta

Mediana do ámbito DOT = 4,11

Valores superiores á mediana
Valores inferiores á mediana

Ilustración 56. Índice de diversidade de Shannon



Número de establecementos por cada 1.000 habitantes (2015)

20,0 - 50,0
50,1 - 70,0
70,1 - 90,0
90,1 - 172,9

Ilustración 57. Número de establecementos por cada 1.000 hab (2015)

SE.D.02 Actividade comercial


O número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes en Galicia permaneceu practicamente estable durante o período analizado (2012-2015): en 2012 o valor foi de 24,6, 24,0 en 2014 e 24,3 en 2015.

A lectura destes valores tradúcese nunha diminución do número total de establecementos (1.863) durante o período 2012-2015, aínda que os datos máis recentes (ano 2015) indican un inicio de recuperación da actividade comercial, xa que se abriron 509 establecementos novos no último ano, o que supón un incremento do 0,8%. Por outra parte, a evolución deste indicador está relacionada coa da poboación e, neste tempo, Galicia perdeu 49.151 habitantes, ocasionando unha redución do colectivo de demandantes potenciais de produtos comerciais.

Por tipoloxías, en 2015, o comercio a retalho continúa sendo o mellor representado (15,2 establecementos/1.000 hab.), seguido do comercio por xunto (5,1), motor (2,5) e intermediarios (1,6).

A distribución xeográfica da actividade comercial marca desequilibrios territoriais. Resalta a baixa ratio de comercios por habitante existente nunha ampla área da provincia de Ourense que se desborda polo sur de Lugo e o centro de Pontevedra. Non obstante, a dita distribución non é incoherente co modelo territorial proposto nas DOT, visto que a maioría dos concellos con asentamentos de poboación que exercen unha influencia supramunicipal amosan uns resultados superiores á mediana de Galicia (17,1 establecementos por cada 1.000 habitantes). Ademais, os valores medios en calquera dos tres niveis superiores do devandito sistema (grandes cidades, SUI e NET) superan a media galega (24,3 habitantes por cada 1.000 habitantes). Neste sentido, é preciso salientar que os valores obtidos son moi parecidos: 28,4 no primeiro chanzo, 27,9 no segundo e 27,6 no terceiro (**Ilustración 58**).

No ámbito costeiro, o número de establecementos por cada 1.000 habitantes pasou de 24,9 en 2012 a 24,4 en 2015, mostrando valores moi parecidos aos da Comunidade Autónoma, só distanciados por unhas décimas a favor do litoral. Os datos máis recentes permiten intuír unha recuperación da actividade comercial; en 2015 había 232 establecementos máis que o ano anterior, o que supón 0,3 establecementos novos por cada mil habitantes. Isto adquire maior relevancia ao considerar que os comercios e os habitantes deste ámbito supoñen o 57,4% e o 57,2% de Galicia.



Número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes (2015)

Media do ámbito DOT = 24,3




Ilustración 58. Número de establecementos comerciais por cada 1.000 hab (2015)

Subbloque Emprego e formación


Neste epígrafe analízase o grao de especialización laboral segundo trece ramas de actividade, para o que se utilizan as equivalencias do código nacional de ocupacións e o de actividades económicas CNAE 2009, e estúdase a evolución da formación continua e a desempregados nas distintas familias profesionais.

SE.E.01 Poboación ocupada por ramas de actividade

O indicador **Poboación ocupada por ramas de actividade** ofrece unha visión do reparto ocupacional da poboación ocupada, así como da especialización nalguna das ramas de actividade do territorio e particularmente dos concellos.

Para o ano 2016, o comercio, transporte e hostalaría continúa a ser a rama de actividade predominante, ao igual que o fora no ano 2013, cunha representatividade do 31% sobre a totalidade de afiliacións en ámbolos dous anos. Así mesmo, esta rama destaca no 66,7% dos concellos e acada un número total de afiliacións á Seguridade Social de 290.862. En segundo lugar, cun 23,9% atópase a rama das Administracións Públicas, á Educación, á Sanidade e outros servizos (que tamén inclúe aos traballadores do fogar), seis décimas por encima do valor no 2013.

A nivel municipal, non houbo neste período moita variabilidade nas ocupacións máis representativas, tan só 29 concellos, un 9,3% do total de Galicia, mudou de ocupación predominante. Non en tanto, segue a ser unha excepción, Carballeda de Valdeorras no que as industrias extractivas e de fabricación doutros produtos mineiros non metálicos segue a ser a rama de actividade con maiores afiliacións. Sen embargo, Camariñas cedeu a súa preponderancia na rama de pesca e acuicultura á de comercio, transportes e hostalaría ([Ilustración 59](#)).



Rama de actividade predominante por concello (2016)

- Comercio, transporte e hostalaría
- Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos
- Agricultura, ganadería, caza y serv relacionados
- Industrias extractivas e fabricación doutros produtos mineiros non metálicos
- Pesca e acuicultura

Ilustración 59. Rama de actividade predominante por concello 2016

SE.E.02 Formación especializada

O indicador **Formación especializada** cuantifica o número de alumnos formados a través de plans formativos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, tanto na modalidade de formación continua como na de formación a desempregados, atendendo a cada unha das vinte e sete familias profesionais.

Unha maior adquisición de competencias laborais redonda nun incremento das posibilidades de ter novos enfoques ocupacionais nun mercado laboral tecnoloxicamente cambiante.

Na lectura dos datos de 2016, débese ter en conta que só se refiren á formación a desempregados. Por este motivo, os 10.243 alumnos formados no 2016 supuxeron un 60,6% menos que as cifras totais do 2015.

Este indicador, en termos de distribución territorial, amosa un claro liderado do alumnado residente nas grandes cidades galegas; o 46,2% dos alumnos que recibiron formación residían nunha das sete cidades do primeiro nivel de asentamentos de Galicia.

A especialización do alumnado repártese en 26 familias profesionais, aínda que só dúas acadan máis dun 10% do alumnado; de feito seis familias especializan ao 62% de alumnos. A familia profesional na que se especializou máis número de alumnos foi a de servizos socioculturais e á comunidade, cun peso de 21,6%, seguida da especialidade Administración e xestión, cun 16,2%, familia que perde a súa preponderancia de anos anteriores. Todo isto, ten a súa correspondencia nunha gran ocupación de traballadores, como vimos, nas Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos, a segunda de maior peso por número de afiliacións no mercado laboral actual.

No período 2014-2016 tres familias reducen o seu peso relativo de xeito significativo sobre o total de alumnos -Formación complementaria (-6,8%), Administración e xestión (-6%) e Hostalería e turismo (-3%)-, mentres que outras tres incrementan en máis de punto e medio a porcentaxe de alumnos que aglutinan —Servizos socioculturais e á comunidade (3,8%), Imaxe persoal (2%) e Agraria (1,5%) (**Ilustración 60**).




Ilustración 60. Variación da porcentaxe de alumnos formados segundo a familia profesional

Subbloque Autosuficiencia

O subbloque de Autosuficiencia caracteriza o territorio segundo a súa capacidade de xeración de emprego en relación á poboación residente ocupada.

O indicador *Autocontención laboral* pon de relevo a capacidade do territorio para fixar a súa poboación activa, mentres que o indicador *Autosuficiencia en emprego* permite obter unha visión da relación entre a oferta laboral e o nivel de demanda de emprego dos residentes no ámbito territorial correspondente.


SE.F.01 Autocontención laboral

A análise das persoas que residen e traballan no mesmo concello, indica que o valor para Galicia é do 43,5% en 2016, un 3,1% menos que en 2011 (*Ilustración 61 e Ilustración 62*).

En termos de sistema de asentamentos, as grandes cidades seguen a ter os valores máis destacados de fixación laboral da súa poboación, cun 69% de valor medio, seguido dos concellos do sistema urbano intermedio (SUI) e dos nodos de equilibrio territorial (NET), con valores medios, do 40% e do 34%.

A tendencia do indicador mostra unha menor fixación laboral da poboación residente no 89% dos concellos galegos, o que leva consigo un incremento de traballadores que precisan desprazarse cara a outro concello distinto ao de residencia.

Por outra banda, a porcentaxe de novos contratos formalizados en 2016 no concello de residencia do traballador (28,1%) tamén diminuíu un punto e medio en relación a 2011. Son as grandes cidades e o sistema urbano intermedio os que obteñen os mellores resultados na taxa de permanencia, superiores aos de Galicia en case 11 e 5 puntos respectivamente e mellores con respecto a anos anteriores nun 2% e 0,5% respectivamente.




Autocontención laboral 2016 (%)



Valores mínimo, mediana e máximo obtidos por concello

Valor para Galicia = 43,5%

Ilustración 61. Autocontención laboral 2016



Variación da Autocontención laboral (%) no 2016 respecto do 2011



Variación total para Galicia = -3,2%

Ilustración 62. Variación da Autocontención laboral 2011 - 2016

SE.F.02 Autosuficiencia en emprego

O indicador **Autosuficiencia en emprego** amosa a capacidade dun territorio (concello ou comarca) para fixar a súa poboación activa a partir da relación existente entre as demandas e as ofertas por tipo de ocupación, segundo as nove ocupacións principais establecidas pola Clasificación Nacional de Ocupacións.

A primeira medida deste indicador amosa a relación existente entre os traballadores empregados e a poboación ocupada residente nel. En 2016 Galicia acadou unha autosuficiencia en emprego do 101,3%, o que indica un equilibrio entre os traballadores en empresas e o total de galegos en activo ([Ilustración 63](#) e [Ilustración 64](#)).

As grandes cidades e as súas contornas, así como os concellos con amplas zonas industrializadas (San Cibrao das Viñas, Carballeda de Avia, Bergondo e O Porriño), concentran os valores máis altos, superiores ao 100% xa que a oferta laboral supera en moito á man de obra residente. Nas grandes cidades galegas este valor é do 137%, dato que transluce o elevado número de desprazamentos que se están a xerar por motivos laborais nestes ámbitos.







Ilustración 63. Estado da Autosuficiencia en emprego en Galicia



Variación da Autosuficiencia en emprego respecto do 2011



Variación no valor para Galicia = 0,07%

Ilustración 64. Variación da Autosuficiencia en emprego en Galicia

Subbloque Innovación

SE.G.01 Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais

Ata 2015, o indicador medía o grao de consecución dos obxectivos do Plan de Banda Larga 2010-2015, período no que a porcentaxe de poboación con cobertura de banda larga pasou do 78% a máis do 98%. No que se refire aos núcleos con esta cobertura, no ano 2010 eran menos do 50% mentres que no ano 2015 superaban o 97%. Estes valores indican a completa consecución dos obxectivos do Plan de Banda Larga.

En continuidade con este Plan, a Xunta de Galicia, en liña coa Axenda Dixital para Europa, puxo en marcha o Plan de Banda Larga 2020 co obxectivo de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100 Mbps. O indicador pasa a dispor dunha nova medida que atende a este obxectivo.

Galicia acada un 61,30% da poboación con cobertura de caudal de 30 ou máis Mbps; valor inferior ao 74,9% de España; a nivel provincial aprécianse diferenzas que oscilan entre o 66,10% da Coruña e o 54,50% de Lugo. As sete cidades superan con creces estas ratios; A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo cun 95%, Ferrol cun 85% e Pontevedra cun 75% (**Ilustración 65**).

O ámbito POL acada niveis de acceso superiores á media galega xa que o 67,8% dos residentes no litoral teñen acceso a estas redes.




Ilustración 65. Poboación con cobertura redes fixas de >30 Mbps (%)

SE.G.03 Número de certificacións en vigor con EMAS

O indicador reflicte o número de certificacións con sistema de xestión ambiental EMAS vixentes desde 2013. As organizacións rexistradas atopan nestas certificacións unha forma de poñer en valor de forma explícita a inquietude ambiental das entidades e/ou empresas. Tamén son útiles para deixar constancia pública de que a actividade económica se desenvolve mediante procesos limpos, coa implicación do persoal e que se fai seguimento ao longo do tempo.

Os datos de 2016 sinalan que o valor diminuíu, tanto no referido ao número global como en 9 das 13 ramas de actividade consideradas, aínda que en 9 concellos o número de certificacións EMAS vixentes en 2016 é superior ao do ano 2013.

En total, o número de certificacións vixentes en 2016 foi de 347, distribuídas en 99 concellos e en todas as ramas de actividade económica. Por provincias, A Coruña aglutina o 52% das EMAS, Pontevedra o 33%, Lugo o 10% e Ourense o 5% restante. Das ramas de actividade que concentran a maioría das certificacións, o 63% están vinculadas co comercio, transporte e hostalería; coas actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais e as vinculadas ás administracións públicas, educación, sanidade e outros servizos (**Ilustración 66**).

En termos xerais, o descenso das certificacións vixentes corresponde coa desaparición de organizacións durante a crise económica, manténdose as certificacións que corresponden ás actividades que menos sufriron as consecuencias da crise. As variacións producíronse en todos os casos en concellos que xa contaban con certificacións, non incorporándose novos concellos á listaxe de 2013.




Ilustración 66. Evolución do número de certificados con SXA (EMAS) en vigor segundo rama de actividade (2013 a 2016)


SE.G.04 Instalacións con autorización ambiental integrada

En 2016 Galicia contaba con 275 instalacións cunha Autorización Ambiental Integrada —AAI— da Comunidade Autónoma e, polo tanto, cun control efectivo pola Administración das repercusións das actividades industriais potencialmente máis contaminantes ([Ilustración 67](#)).

Segundo a tipoloxía da actividade, foron as industrias pertencentes ao sector agroalimentario e as explotacións gandeiras as que contabilizaron máis AAI. Das 149 vixentes en 2016, 101 dedícanse á cría intensiva de aves de curral ou de porcos, e 48 corresponden a industrias agroalimentarias.

O 54% do total das autorizacións corresponde ás industrias agroalimentarias e explotacións gandeiras, e o 39% á xestión de residuos. Esta rama de actividade é a que experimentou unha maior variación desde 2013, cun aumento do 6%. Paralelamente, o descenso máis acusado produciuse no grupo de actividade das industrias minerais, con 4 AAI menos vixentes que en 2013.

En relación ao 2013, tramitáronse 35 AAI máis, das que 14 corresponden á provincia da Coruña, 9 á de Lugo, 5 á de Ourense e 7 á de Pontevedra.



Número de instalacións con autorización ambiental integrada (2016)= 275



Ilustración 67. Número de instalacións con autorización ambiental integrada (AAI) vixentes (2016)

Subbloque Agricultura e gandería

SE.H.01 Agricultura ecolóxica

Unha das estratexias seguidas polas diferentes administracións é a de potenciar a competitividade do sector agrario aumentando o valor engadido dos produtos na cadea alimentaria. Neste sentido, a produción ecolóxica produce unha mellora na calidade dos produtos finais, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a crear emprego. Ademais, a expansión de sistemas produtivos ecolóxicos supón un beneficio en termos de biodiversidade e leva consigo unha maior eficiencia na utilización da enerxía.

A agricultura ecolóxica vén mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores. A súa representatividade territorial sobre o total da superficie destinada a cultivos, prados e pasteiros (SIOSE 2014) está ao redor do 3,9% en Galicia.

Os datos do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (CRAEGA) amosan un gran potencial de crecemento, que se concreta no período 2013-2016 nun aumento de case un 77% da superficie inscrita no consello regulador e máis dun 44% no número de operadores (**Ilustración 68**). Cabe resaltar que este crecemento vén xerado de forma maioritaria pola expansión da gandería extensiva con base en prados e pasteiros, cun maior crecemento da actividade nas provincias de Lugo e Ourense, así como que o crecemento da superficie é considerablemente superior ao do número de operadores, o cal indica que as explotacións ecolóxicas están aumentando a súa superficie (**Ilustración 69**).




Ilustración 68. Superficie total rexistrada e núm. de operadores (CRAEGA)




Ilustración 69. Superficie total rexistrada a nivel provincial

SE.H.02 Especialización gandeira

Este indicador caracteriza a cabana gandeira de Galicia facendo un especial fincapé naquelas especies que teñen máis ligazón co territorio polo emprego dos recursos forraxeiros na súa alimentación. Nos anteriores informes empregáronse como fontes de datos das unidades gandeiras (UG) o *Censo Agrario (1999-2009)*, a *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas (Instituto Nacional de Estadística - INE, 2003-2005-2007-2013)* e datos procedentes da Consellería de Medio Rural (*Anuario de Estadísticas Agrarias de Galicia 2011, 2012, 2013, 2014*) concretamente sobre o número de vacas e de prazas de porcino. Dada as limitacións que estas fontes teñen pola súa periodicidade (decenal no caso do *Censo Agrario*) e polo seu grao de desagregación territorial (provincial no caso da *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas*), incorpóranse agora novas fontes que melloren estes dous aspectos.

Así, introdúcese como fonte de datos deste indicador o “*Registro General de Explotaciones Ganaderas*” (REGA), un rexistro obrigatorio xestionado polas comunidades autónomas que deriva do regulado no artigo 38² da lei 8/2003, de sanidade animal. Os datos procedente do REGA irán progresivamente incorporándose a través deste indicador de especialización gandeira ao PSST.

En termos absolutos, nos últimos anos, obsérvase unha diminución moi moderada da cabana gandeira galega, medida en número de unidades gandeiras (UG). Sen embargo, os datos do REGA 2016 cifran en 858.574 UG a cabana. Nos seguintes informes farase unha explotación prospectiva e retrospectiva da fonte de datos do REGA, con niveis de desagregación que poderán chegar ao municipal e continuarase coa serie do Censo agrario e a Enquisa da estrutura das explotacións ([Ilustración 70](#)).

A nivel de especie, segundo o REGA 2016, son os bóvidos e os équidos os que amosan un valor superior con respecto a datos anteriores procedentes do Censo Agrario e da Enquisa ([Ilustración 71](#)).




Ilustración 70. Especialización gandeira: Total de unidades gandeiras (UG) de bovino, ovino-caprino e equino




Ilustración 71. Especialización gandeira: UG por especies

² Art. 38 da lei 8/2003: “todas as explotacións gandeiras deben estar rexistradas na CCAA onde radiquen e que os seus datos básicos deben incluírse nun rexistro nacional de carácter informativo, formalizándose a través do RD 479/2004 de 26 de marzo, polo que se establece e regula o “Registro General de Explotaciones Ganaderas”.

Analizando os datos do Anuario de Estatística Agraria da Consellería do Medio Rural sobre o número de vacas, pódese observar que na serie 2012-2014 existe un lixeiro crecemento. En 2016, segundo os datos procedentes do REGA, obsérvase un dato similar. Cómpre salientar a escasa dimensión deste subsector no sur da Comunidade Autónoma, especialmente na provincia de Ourense (**Ilustración 72**).

Ao analizar os datos do Anuario de Estatísticas Agrarias da Consellería do Medio Rural de 2011 a 2014 no referente ás prazas de porcino en explotacións industriais obsérvase un crecemento mantido. Nos datos de 2016 do REGA vese un valor substancialmente superior (**Ilustración 73**).




Ilustración 72. Número de vacas 2012-2014




Ilustración 73. Prazas de porcino 2011-2014

SE.H.03 Carga gandeira

O indicador **Carga gandeira** relaciona os efectivos en termos de unidades gandeiras (UG) nas explotacións cos recursos do territorio para sustentar esa cabana, é dicir, a SAU. Este indicador está relacionado coa sustentabilidade dos sistemas agrarios.

Segundo os datos de UG do *Censo Agrario (1999-2009)*, da *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas (INE-IGE, 2003-2005-2007-2013)* e do REGA 2016 a superficie de SAU recollida no Sistema de Información da Ocupación do Solo de España (SIOSE) (2005, 2009, 2011, 2014), a carga gandeira entre 1999 e 2016 mantén unha tendencia lixeiramente decrecente ([Ilustración 74](#)).

Os datos procedentes do SIOSE, amosan unha lixeira tendencia decrecente da SAU: 24,72% (731.968 ha) en 2005, 24,59% (728.121 ha) en 2009, 24,58% (727.808 ha) en 2011 e 24,13% (714.460 ha) en 2014.

Este comportamento é desigual cando baixamos ao nivel provincial, comarcal ou municipal. Nos datos analizados aprécianse nalgúns zonas cargas maiores de 3 UG/ha SAU e noutros cargas moi baixas, menores de 1 UG/ha.




Ilustración 74. Carga gandeira 1999-2013

SE.H.04.Especialización agrícola

Co indicador de **Especialización agrícola** abórdase outro dos factores determinantes do sector primario galego, moi relacionado co anterior dado o carácter maioritariamente rural de Galicia. A evolución da superficie ocupada polos distintos cultivos na base territorial das explotacións é un dos factores máis relevantes desde a perspectiva da rendibilidade e a sustentabilidade das explotacións. A superficie ocupada polos *prados e pasteiros* é a maior en Galicia seguida dos *cultivos*. Nesta serie de datos ponse de manifesto a importancia en Galicia do sector gandeiro, como se comentou anteriormente ([Ilustración 75](#)).

A nivel provincial, no ano 2016, A Coruña é a que ten un maior peso relativo de cultivos forraxeiros respecto dos demais cultivos, cun 49,6%, non obstante, os prados e pasteiros teñen un gran peso nas provincias de Lugo e Ourense, acadando en Ourense o 64,72%. Por outra banda, o viñedo amosa a súa maior importancia nas provincias de Pontevedra e Ourense. O seguinte grupo en importancia superficial son as froiteiras, onde o castiñeiro é a especie máis relevante, especialmente na provincia de Ourense ([Ilustración 76](#)).




Ilustración 75. Evolución relativa da especialización agrícola 2011-2016




Ilustración 76. Especialización agrícola relativa en 2016

Subbloque Pesca e acuicultura

SE.I.01 Especialización acuícola

A produción acuícola medrou un 7,4% (15.186 tn) no período 2011-2016 a pesares de experimentar, nese mesmo período de tempo, unha diminución de medios persoais e materiais empregados.

Cómpre salientar o incremento da cría de bivalvos nun 7,1%, na cal, o mexillón mantén o papel dominante cunha representatividade dun 96,9% sobre o total da produción acuícola (**Ilustración 77**).




Ilustración 77. Producción acuícola por grupo de especies (%). Comparativa anos 2011 e 2016.

SE.I.02 Capacidade Pesqueira

Galicia contaba en 2016 con 4.430 buques na súa frota pesqueira, un 6,4 % menos que no 2011. A zona administrativa con maior número de buques inscritos é a de Arousa, ao representar un 38,6% do total de buques con porto base en Galicia.

A capacidade pesqueira media da frota galega foi de 32 GT de arqueo e 84 CV de potencia. Os buques que amosan unha capacidade pesqueira superior en termos de arqueo e potencia media son os da Mariña lucense, con 143 GT e 295 CV respectivamente. Ademais, os buques de máis capacidade e potencia saen ás pesqueiras internacionais, namentres os que menos faenan no caladoiro nacional mediante artes menores (Ilustración 78).




Ilustración 78. Número de buques con porto base en Galicia segundo zona administrativa. Comparativa anos 2011 e 2016.

SE.I.03 Ocupación Pesqueira

O sector pesqueiro ocupaba, en xaneiro de 2016 a 10.635 persoas tripulantes nos buques e a 5.949 en establecementos acuícolas segundo a enquisa Ocupesca. Concretamente os buques que contaron cunha maior tripulación, en termos medios, foron os que faenan en pesqueiras comunitarias mediante palangre de fondo, con 19 tripulantes. Por outra banda, as bateas empregaron a un 74% das persoas totais empregadas nos establecementos acuícolas galegos, un 15% en parques de cultivo e o resto un 11% en criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas. Todo este emprego así ocupado diminuíu, respecto do 2011, un 12,6% (Ilustración 79).




Ilustración 79. Ocupación na pesca e na acuicultura mariña no ano 2015

Subbloque Aproveitamento forestal

SE.J.01 Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal

Na evolución deste indicador nos últimos anos apréciase unha tendencia mantida de crecemento da superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal e da súa ratio con respecto á superficie forestal (arborada, desarborada e pasteiros) en Galicia.

A superficie forestal con algún instrumento de ordenación ou xestión incrementouse en 2016 nun 16% respecto de 2015 e un 41% respecto a 2011 (**Ilustración 80**).

A superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal no ano 2016 é de 231.635 ha, representando un 11,28% respecto da superficie forestal arborada, desarborada e de pasteiro.




Ilustración 80. Evolución da superficie con instrumentos de xestión e ordenación

No ano 2016 apréciase que a provincia con máis superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal é Ourense con 73.765 ha, representando case un 32% respecto de Galicia. A provincia da Coruña é a que ten menos superficie ordenada, con 33.097 ha, que representan o 14% respecto de Galicia.

Pontevedra é a provincia con maior ratio entre a superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal con respecto á superficie arborada, desarborada e pasteiros, cun 17,81%, e A Coruña, cun 6,49%, é a que menor ratio presenta (**Ilustración 81**).




Ilustración 81. Superficie con instrumentos de xestión e ordenación 2016

Subbloque Turismo

SE.L.01 Intensidade turística

Desde que comezou o Sistema de seguimento, Galicia incrementou a súa oferta en 0,5 prazas/ km², aínda que é necesario advertir que este ano é o primeiro no que se incluíron nos cálculos as vivendas turísticas, que representan 1.214 prazas máis (0,9% das totais). De todos modos, aínda que non se contabilizasen, os datos indicarían que continúa aumentando a oferta.

O día 1 de xaneiro de 2017 existían 138.515 prazas de aloxamento nos establecementos turísticos regradados de Galicia que, en termos de intensidade da oferta, supoñen 4,7 prazas por km².

A intensidade turística continúa sendo moito máis elevada no litoral e nas súas inmediacións. Mondariz-Balneario, Sanxenxo, O Grove, A Coruña e A Illa de Arousa son os concellos que encabezan a clasificación, cunha oferta que oscila entre as 383,1 e as 114,6 prazas por km². Aínda que non acada esas cotas, a intensidade tamén é maior ao longo do Camiño Francés e nas capitais provinciais, cunha difusión máis ampla ao redor de Ourense.

En conxunto, a oferta turística parece congruente co modelo territorial, xa que a intensidade diminúe progresivamente por niveis. As grandes cidades contan con 29,0 prazas/km²; o SUI, con 8,4; e os NET, con 2,4 (**Ilustración 82**).

Así mesmo, o aumento global da intensidade turística, que está a reflectir este indicador, contribúe á consecución de certos obxectivos das DOT, tales como o afianzamento do protagonismo de Galicia na plataforma atlántica ou a consolidación da identidade e singularidade do territorio. Neste sentido, sería apropiado un incremento da oferta turística nos núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural (NIVPR), que aparecen no anexo II das DOT, porque incidiría na xeración de emprego e na fixación de poboación.

Nos concellos incluídos total ou parcialmente dentro do ámbito de xestión do POL, a intensidade da oferta turística acadou 17,0 prazas por km² (fronte ás 4,7 de Galicia) ou, expresado doutro modo, 34,0 prazas por km de costa.

Estes datos indican que, desde o comezo deste Plan, o litoral incrementou a súa oferta en 1,5 prazas por km de costa (incluíndo as vivendas turísticas, que representan o 0,7% das totais neste espazo). A pesar do incremento xeneralizado da oferta durante o período 2011-2017, detectáronse excepcións no nivel municipal. Existen 22 concellos nos que o número de prazas é menor ca en 2011, entre eles, Sada, Culleredo, Cangas, Vilanova de Arousa, Vigo, Ribadeo, Gondomar ou Mugardos.





Ilustración 82. Intensidade da oferta turística (2016)

SE.L.02 Estacionalidade turística

A porcentaxe de pernoctacións nos meses de xullo e agosto non variou entre 2013 e 2015, xa que se mantén no 38,2%, contabilizando todas as pernoctacións, e no 39,7% tendo en conta unicamente os turistas de fóra de Galicia.

A estacionalidade continúa a ser unha característica definitoria do turismo en Galicia, o que supón un problema para a súa sustentabilidade económica e territorial, que se intensifica no litoral. Aquí, a porcentaxe de pernoctacións nos meses de xullo e agosto ascende a 44,5 e aumenta ata o 45,1 no caso das pernoctacións de turistas de fóra de Galicia. Con todo, son cifras menores que as rexistradas en 2013, respecto ás que descenden 1,1 puntos porcentuais (pernoctacións totais) e 0,2 (pernoctacións de fóra de Galicia) (**Ilustración 83**).

Nos xeodestinos nos que están incluídas as dúas maiores cidades de Galicia descende bastante a estacionalidade, o que denota que existe unha oferta de servizos turísticos máis diversificada e menos dependente da climatoloxía e da temporada de vacacións estivais.



Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto (2015)




Ilustración 83. Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto (2015)

Metabolismo

Táboa 8. Indicadores do bloque Metabolismo

Subbloque	Indicador	Ámbito
Enerxía	Intensidade enerxética final	DOT
	Consumo final bruto de enerxía renovable	DOT
	Consumo final bruto de electricidade renovable	DOT
	Consumo enerxía primaria renovable	DOT
	Enerxía procedente de fontes renovables no transporte	DOT
Ciclo hídrico	Calidade da auga nas zonas de baño	DOT/POL
	Variación do estado das masas de auga	DHGC ⁽¹⁾
Ciclos de materiais	Xeración de residuos urbanos	DOT/POL
	Recollida selectiva bruta	DOT/POL
	Dotación de puntos limpos	DOT/POL
Atmosfera e cambio climático	Emisións de gases efecto invernadoiro	DOT

De xeito transversal, os indicadores que conforman este bloque veñen a avaliar a autosuficiencia dos fluxos metabólicos ou o intercambio de materia e enerxía entre sistemas.

(1) DHGC. O indicador abarca o ámbito territorial da Demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

Subbloque Enerxía

MET.A.01 Intensidade enerxética final

Nun escenario como o actual de encarecemento e potencial escaseza de enerxía, a eficiencia enerxética constitúe un valor fundamental cara a sustentabilidade económica a medio e longo prazo dun territorio. As estratexias sectoriais orientadas cara a competitividade neste escenario teñen que encamiñarse cara a producir con calidade e a menor custo.

Este indicador mide o custo en termos enerxéticos que precisa a economía para crear riqueza. É a relación entre o consumo enerxético final que unha economía precisa para funcionar e a produción en termos de renda acada ou produto interior bruto (PIB).

A intensidade enerxética é un indicador razoable para medir as tendencias rexistradas na evolución da eficiencia enerxética dun país, pero que se ve afectada por factores externos que distorsionan o seu valor, así por exemplo, a climatoloxía, entre outros, inflúe sobre a intensidade enerxética de forma notoria.

En Galicia a intensidade enerxética final é maior que en España debido a que na nosa Comunidade Autónoma se encontran varias plantas cuxos procesos produtivos son moi intensivos no consumo de enerxía. A intensidade enerxética final, a nivel galego, diminuíu no ano 2015 con respecto a 2013 e 2014 (0,110 ktep/millón de €), posiblemente como consecuencia da maior eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos. O consumo enerxético final (medida 2), en Galicia durante 2015 foi de 6.093 ktep, reducindo lixeiramente os niveis de 2013 e 2014, polo que parece que se produciu neste anos un incremento da eficiencia enerxética (**Ilustración 84**).

MET.A.02 Consumo final bruto de enerxía renovable




Ilustración 84. Intensidade enerxética final e consumo enerxía final

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, fixa como obxectivos xerais, por unha banda, conseguir unha cota do 20% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo final bruto de enerxía da Unión Europea (UE) e, por outra banda, unha cota do 10% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo de enerxía no sector do transporte en cada Estado membro para o ano 2020.

O consumo de enerxía obtida a partir de fontes renovables presenta unha tendencia crecente, e sempre é superior ao obxectivo do 20 % para o ano 2020. No ano 2015 Galicia acadou o 38,4% de consumo final bruto de enerxía renovable (**Ilustración 85**).

Canto maior sexa o indicador, tendo en conta que o consumo final bruto de enerxía non aumenta moito, maior será a enerxía consumida procedente de fontes renovables, e polo tanto menor a dependencia enerxética de Galicia do exterior e de fontes contaminantes.

Os resultados deste indicador van en consonancia coa liña trazada nas DOT que orientan cara a utilización de fontes de enerxías renovable, de xeito que diminúan as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro.




Ilustración 85. Consumo final bruto de enerxía renovable (%)

MET.A.03 Consumo final bruto de electricidade renovable

O estado español marca como obxectivo no Plan de Enerxías Renovables (PANER) 2011-2020, que a porcentaxe do consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables sexa do 33,8% no ano 2015 e do 40% no ano 2020.

En Galicia varía moito dunha provincia a outra dependendo das condicións climatolóxicas, que fan variar a xeración hidráulica e eólica. Obsérvase unha tendencia crecente, no ano 2015 Galicia acadou 17.475 Gwh/ano, incrementándose dun 46,8% no ano 2005 a un 77,2% no ano 2015 en liña cas DOT e superando amplamente o obxectivo fixado polo PANER para 2020 (Ilustración 86).




Ilustración 86. Consumo (GWh/ano) final bruto de electricidade xerada a partir de fontes renovables

MET.A.04 Consumo enerxía primaria renovable

Este indicador amosa en termos porcentuais o consumo de enerxía das distintas fontes facendo unha descrición do desglose daquelas que son renovables.

No Libro Branco para unha Estratexia e un Plan de Acción Comunitarios a Unión Europea marcou como obxectivo para o ano 2010 a obtención dun 12% de enerxía primaria total mediante fontes de enerxía renovables. España, no seu Plan de Enerxías Renovables 2005-2010, marcou como obxectivo que o 12,1% do consumo de enerxía primaria no ano 2010 procedera das enerxías renovables. En Galicia, a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables acadou no ano 2010 o 22 %, superior ao 12% marcado como obxectivo. Aínda que o obxectivo xa está derogado, séguese calculando este indicador para poder seguir a súa evolución ao longo dos anos.

Considéranse como fontes de enerxía primarias ás que se obteñen directamente da natureza ou ben despois dun proceso de extracción. Os combustíbles fósiles (petróleo, carbón e gas natural) dominan o consumo anual de enerxía primaria no 2015. O petróleo continúa sendo a nosa principal fonte de enerxía primaria (cun 50,0%), seguido polo carbón (20%), as renovables (19%) e polo gas natural (12 %). Deste 19% de enerxía procedente de fontes renovables (superior o 12% marcado como obxectivo) o 40% procede da biomasa, o 31% é eólica, o 23% hidráulica e o 5% procede doutras fontes de enerxía renovable.

Cabe salientar que en Galicia se produce unha gran transformación de enerxía primaria en enerxía dispoñible para o consumo final. Transfórmase preto do 10% de toda a enerxía primaria do Estado e, unha porcentaxe importante da enerxía final xerada a partir de recursos primarios autóctonos e importados expórtase a outras rexións ou países. Por todo iso, as perspectivas de evolución da demanda de enerxía primaria dependerán da variación da demanda de enerxía final prevista para Galicia, así como tamén das variacións previstas no resto do Estado e noutros países, xa que é a onde se dirixe aproximadamente o 37% dos produtos transformados na nosa Comunidade (Ilustración 87).




Ilustración 87. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables

MET.A.05 Enerxía procedente de fontes renovables no transporte

España marca como obxectivo no PANER 2011-2020, que a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables no sector do transporte sexa do 9,3% no ano 2015 e do 13,6% no ano 2020.

En Galicia incrementouse dun 0,5% no ano 2005 a un 6,9% no ano 2015. O consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte en Galicia incrementouse ata o ano 2012, ano no que sofre unha forte baixada debido ao cambio da lexislación relativa aos obxectivos de consumo de biocarburantes.

Canto maior sexa o indicador, maior será o consumo de fontes renovables no transporte, e polo tanto menor a dependencia enerxética de Galicia de fontes contaminantes. A intención é que este indicador mostre unha tendencia a utilizar biocarburantes, electricidade de orixe renovable e outras fontes renovables no transporte, o que redundará en menores emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro en consonancia coa liña trazada nas DOT (**Ilustración 88**).




Ilustración 88. Consumo de biocarburantes no transporte terrestre

Subbloque Ciclo hídrico

MET.B.01 Calidade da auga nas zonas de baño

En 2016 tomáronse datos en 503 zonas de baño situadas maioritariamente en praias litorais (436). As 67 zonas restantes corresponderon a zonas de baño continentais. Consideradas conxuntamente, 372 obtiveron un resultado de calidade de auga Excelente (o 74%), 78 (o 16%) un resultado de calidade Boa, 31 (o 6%) Suficiente e en 22 (o 4%) a calidade resultou ser Insuficiente (**Ilustración 89**).

En relación ao ano 2011 aumentan os puntos de mostraxe con resultado Excelente e Bo mentres que diminúen os de resultado Suficiente e Insuficiente. Convén sinalar que, por cambios normativos da Unión Europea en 2016, as zonas de baño que levaban cinco anos seguidos con cualificación de insuficiente (18) foron eliminadas do censo oficial, e nelas declarouse a prohibición permanente para o baño. Estas corresponderon a 14 zonas de baño marítimas e 4 continentais distribuídas en 15 concellos galegos.

A nivel provincial, Pontevedra rexistra a evolución máis favorable no período 2011 – 2016 por ter os maiores incrementos de zonas de baño coa clasificación sanitaria Excelente, tanto en termos absolutos como relativos (**Ilustración 90**).

No ámbito do POL os resultados globais son máis favorables, no sentido de que a proporción de zonas de baño coas cualificacións de Excelente e Boa son superiores ás de Galicia en xeral e, paralelamente, son inferiores as de zonas Suficiente e Insuficiente.

MET.B.02 Variación do estado das masas de auga




Ilustración 89. Evolución da calidade das augas de baño Galicia




Ilustración 90. Evolución da calidade das augas de baño , ámbito POL

O indicador reflicte o estado total no que se atopan as masas de auga superficial e subterránea da Demarcación hidrográfica de Galicia-Costa segundo os criterios da Directiva Marco de Auga, independentemente do uso ao que se destinen.

O indicador organizouse segundo se tratase de augas continentais superficiais, costeiras e de transición, e continentais subterráneas. A calidade das masas de auga implica a avaliación de parámetros químicos, físico-químicos, biolóxicos, hidromorfolóxicos e cuantitativos en función do tipo de masa de auga ao que se faga referencia. Tamén se considera a capacidade receptora do medio á hora de regular o uso da auga.

Segundo a información do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa 2015-2021, se se consideran conxuntamente as masas de auga superficiais e as subterráneas, o 77% delas (375 masas de auga) presentaron un estado total Bo ou mellor, mentres que o 23% (109) obtiveron un estado total Peor que bo (**Ilustración 91**).

Porén, os resultados son bastante diferentes en función do tipo de masa de auga que se considere. A medida 1 recolle o estado das 415 masas de auga continental superficial (ríos e encoros) organizadas por sistemas de explotación (19), de moi diferentes características entre si en canto a extensión, características físicas e ecolóxicas ou número de masas de auga incluídas. O 80% das masas de auga de ríos acadan un estado total Bo ou mellor e o 20% restante é peor que bo. No caso dos encoros o estado total é Peor que bo nas 19 masas de auga.

Os resultados das augas costeiras e de transición sinalan que o 78% das masas de teñen un estado total Bo ou mellor, mentres que o 22% é Peor que bo, presentando máis problemas as augas de transición que as costeiras. No caso dos portos, as analíticas indican que nas 7 masas de auga consideradas o estado total é Bo ou mellor.

Os resultados obtidos para as augas continentais subterráneas indican que o 100% das masas de presentan un estado total Bo (**Ilustración 92**).

A análise dos plans hidrolóxicos dos períodos 2009-2015 e 2015-2021 sinalan que o plan hidrolóxico vixente analizou 12 masas de auga superficial máis que no período anterior, das que cinco obtiveron o resultado de *Bo ou mellor* e sete *Peor que bo*.




Ilustración 91. Evolución do estado das masas de auga 2009 – 2015




Ilustración 92. Masas de auga segundo estado total e categoría na DHGC 2009 e 2015

Subbloque Ciclo de materiais

MET.C.01 Xeración de residuos urbanos

No período 2011–2016 a xeración de residuos urbanos diminuíu tanto en toneladas globais (39.061,80 toneladas en 189 concellos) como en kg/hab/día en todas as provincias. Por concellos, en 83 descendeu a cantidade por habitante e día.

Ambos parámetros, aínda que con valores inferiores aos do ano 2011, aumentaron con respecto ao 2015, seguindo a tendencia destes últimos anos, posiblemente como consecuencia do aumento de actividade económica.

En relación aos valores previstos no PXRUG, no que se prevía a redución dun 10% en xeración de residuos, os valores en 2016, tanto en xeración bruta (1.108.389 tn.) como por habitante (1,117 kg/hab/día) están por debaixo deste obxectivo (Ilustración 93).

A tendencia do indicador nos concellos que forman parte do POL amosa diferenzas segundo o período que se estude e o nivel da análise. Así, en termos xerais, desde 2011 reducíronse tanto as cantidades medias diarias por persoa como as totais a nivel de concello, aínda que en 2016 aumentaron ambas respecto ás cantidades de 2015. Respecto aos obxectivos establecidos no PXRUG, en 2016 continúa a estar por encima deles polo peso que a poboación flotante estival ten en moitos dos concellos litorais (Ilustración 94).

Os valores rexistrados en determinados concellos poñen de manifesto o peso da poboación flotante e estacional, así como a presenza de establecementos residenciais de tamaño medio o grande.

MET.C.02 Recollida selectiva bruta

No período 2011-2016, o indicador de **Recollida selectiva bruta** apenas marca variación para cada unha das fraccións analizadas; diminúen lixeiramente as fraccións de papel-cartón e materia orgánica mentres que as de vidro e envases lixeiros apuntan un aumento pouco significativo tanto no ámbito litoral como na totalidade da Comunidade Autónoma. Porén, as cantidades recollidas diariamente por persoa son superiores nos concellos litorais agás na fracción de envases lixeiros (**Ilustración 95**).

MET.C.03 Dotación de puntos limpos

Os puntos limpos son un bo instrumento para mellorar a recuperación e tratamento dos residuos que non teñen sistemas ordinarios de recollida e son susceptibles de recuperación ou precisan de recollida separada pola súa perigosidade.

No período 2011-2016, o indicador **Dotación de puntos limpos** ten unha evolución positiva nas tres medidas, en coherencia cos obxectivos marcados no PXRUG; o número de concellos con instalacións de punto limpo aumentou un 8%, o número de concellos con este servizo un 11% e a porcentaxe de poboación que conta con servizo de punto limpo incrementouse un 16% (**Ilustración 96**).

En 2016, o número de instalacións era de 147, distribuídas en 143 concellos mentres que o número de concellos con servizo de punto limpo ascendía a 233. En termos de poboación, máis do 88 % dos habitantes galegos contaban con este servizo (2.397.955 persoas).

No ámbito do POL, só se modifica o número de persoas con este servizo que se reduce nun 0,38% por cambios no censo de poboación.




Ilustración 93. Evolución do indicador 2011 – 2016 en Galicia




Ilustración 94. Evolución do indicador 2011 – 2016 en ámbito POL




Ilustración 95. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011 -2016)




Ilustración 96. Evolución do indicador 2011 - 2016


Subbloque Atmosfera e cambio climático

MET.D.01 Emisións de GEI

Aválíanse e calcúlanse as emisións dos GEI en toneladas de CO₂ derivadas das diferentes actividades antrópicas, categorizadas segundo que a súa orixe sexa o procesado da enerxía, os procesos industriais, o uso de disolventes, a agricultura ou o tratamento ou eliminación de residuos.

As emisións brutas de gases efecto invernadoiro (GEI) estimadas para o ano 2015 sitúanse ao redor das 335.662 para España e de 28.810 kilotoneladas de CO₂-eq para Galicia, o que supón un incremento dun 3,5% e un 5,7% respecto o ano 2014 para estes ámbitos.

Se atendemos as variacións interanuais do 2015 con respecto ao ano 1990, España presenta un índice de incremento do 15,5% mentres que Galicia sitúase no -1%. As industrias enerxéticas foron o sector onde se produciu a maior redución (-20,2%), seguidas dos procesos industriais (-15,4%) e, pola contra, o sector do transporte acadou neste ano o maior incremento (54,9%), seguido doutros sectores (residencial, comercial,...) cun 39,1% (Ilustración 97).

Ilustración 97. Índice de evolución anual de emisións de CO₂ equivalentes (%) Emisións de GEI en Galicia (2011-2014)

3. Síntese

O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia

O PSST ten a función de avaliar o grao de desenvolvemento das DOT e a súa eficacia en termos de sustentabilidade.

Nestes seis anos dende a aprobación das DOT, o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística cífrase nun plan territorial integrado —Plan de ordenación do litoral— e 38 PXOM adaptados ás DOT, 13 deles tamén ao POL. Outros 178 concellos están nese proceso. Isto supón, en termos de poboación, o 63,79% da poboación galega e, en termos de superficie, o 68,53% de Galicia.

A partir dos resultados ofrecidos polos indicadores calculados é posible apuntar algunhas cuestións sobre a tendencia observada en distintas variables ambientais e socioeconómicas:

Consumo eficiente de solo.

No sistema de cidades das DOT (A Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ourense, Ferrol e Santiago de Compostela) o solo urbanizable transformado acada o 22,6% para o uso industrial e o 16,9% para o residencial e terciario. Nos concellos que forman parte do sistema urbano intermedio —cabeceiras e subcabeceiras— un 34,1% e un 1,9% respectivamente. Finalmente nos Nodos para o equilibrio territorial (NET) estas porcentaxes son 22,5% e 4,9%.

Se incluímos o factor correspondente ao tempo de vixencia do plan urbanístico, o grao de axuste do plan indica que no sistema de cidades, agás Santiago de Compostela, o desenvolvemento do solo urbanizable é moi inferior ás previsións do plan, con valores entre 0,2 e 0,1, moi afastados do valor 1 que indicaría un desenvolvemento axustado ás previsións. Nas cabeceiras, subcabeceiras e nos NET o valor do percentil 50 é 0,0.

O indicador de *Dinámica urbanística* pon de manifesto que a meirande parte das veces os plans urbanísticos fixeron unhas previsións de solo urbanizable que non se traduciron na transformación efectiva en solo urbanizado. Segundo o sistema de asentamentos, das 7 cidades só 3 superan o 20% de solo urbanizable transformado; no SUI só un 25% superan o 20,9% de solo

transformado, e nos NET, só un 40% dos concellos acadaron máis dun 10% de solo transformado.

O consumo de solo que sinala o indicador de Dinámica urbanística, en termos de solo rústico transformado en solo urbano, complementase cos resultados do indicador Usos do solo que fai un seguimento das variacións nas distintas coberturas naturais e antrópicas, entre 2005 e 2014 e que sinala un incremento da cobertura artificial dun 4,7% (cobertura que inclúe as infraestruturas viarias ademais do solo urbanizado). Así mesmo, destaca a perda de mato, prados e pastizais, con perdas do 7,8% e do 5,1% respectivamente. No lado oposto, atópase a cobertura de arboredo que experimenta un incremento dun 8,3%; especialmente relevante é o aumento de frondosas caducifolias, cun 8,6%, e de coníferas cun 8,3%. A superficie de eucaliptos e outras frondosas perennifolias incrementase nun 7,6%.

Autosuficiencia dos fluxos metabólicos

Nun escenario como o actual de encarecemento e potencial escaseza de enerxía, a eficiencia enerxética constitúe un valor fundamental cara a sustentabilidade económica a medio e longo prazo dun territorio. A intensidade enerxética é un indicador razoable para medir as tendencias rexistradas na evolución da eficiencia enerxética dun país, pero que se ve afectada por factores externos que distorsionan o seu valor. Así, a climatoloxía anual inflúe sobre a intensidade enerxética. A intensidade enerxética final, a nivel galego, diminuíu no ano 2015 con respecto a 2013 e a 2014 (0,1100 ktep/millón de €), posiblemente como consecuencia da maior eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos.

Aliñada coa Unión Europea, España marca como obxectivo no PANER 2011-2020, que o consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables sexa do 17,4% no ano 2015 e do 22,7% no ano 2020. Galicia acada o 38,4% no ano 2015. Os resultados deste indicador van en consonancia coa liña trazada nas DOT, que orienta cara a utilización de fontes de enerxías renovable, de xeito que diminúan as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro.

O aumento de emisións de GEI en 2015, estimadas nun 5,7%, sinala un cambio na tendencia decrecente que amosaba dende o ano 2012. Se se analiza a evolución entre 1990 e 2015, Galicia reduce as emisións nun 1%. Esta redución está propiciada en primeiro lugar polas industrias do sector enerxético, en segundo lugar polos procesos industriais e, sen embargo, é menoscabada polo sector do transporte que acadou no ano 2015 o maior incremento interanual deste período (54,9%).

Directamente relacionado coas emisións de GEI está o consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables. O Plan de Enerxías Renovables (PANER) fixouno nun 33,8% para o ano 2015 e nun 40% para o 2020. En Galicia, a enerxía primaria procedente de fontes renovables está moi influenciada polas condicións climatolóxicas que fan variar a xeración hidráulica e eólica; obsérvase unha tendencia crecente entre o 46,8% do ano 2005 e o 77,2% do ano 2015, o que representa un incremento do 65%, en liña coas DOT e moi superior ao obxectivo sinalado .

Se se analiza o consumo de enerxía primaria discriminando aquelas que son renovables, Galicia supera os obxectivos do 12% e do 12,1% que, no ano 2010, sinalaron a Unión Europea e o Estado español respectivamente, ao acadar o 22% do consumo de enerxía primaria procedente de renovables. No ano 2015 este valor é do 19%.

No eido do ciclo hídrico, os indicadores calculados son *Calidade das augas de baño* e *Variación do estado das masas de auga*.

O primeiro sinala a liña ascendente da mellora ao longo do tempo da calidade das zonas de baño. Das 503 zonas analizadas, o 74% obtiveron a cualificación de *Excelente*, o 16% de *Boa*, o 6% de *Suficiente* e o 4% de *Insuficiente*.

Consideradas conxuntamente as masas de auga superficiais e as subterráneas, o 77% delas presentaron un estado total “Bo ou mellor”, mentres que e o 23% obtiveron un estado total “Peor que bo”.

Os indicadores de residuos, no período 2011–2016, marcan unha evolución positiva aínda que os resultados interanuais poden indicar variacións negativas pouco significativas, tanto en xeración global de residuos como en recollida selectiva para algunha fracción. Entre 2011 e 2016 reduciuse a xeración de residuos global en máis de 39.0006 toneladas (3,4%) aínda que o último ano rexistrou un incremento inferior ao 2%. Dende a aprobación das DOT, entre 2011 e 2016, incrementouse nun 17% a poboación con servizo de punto limpo, ata acadar o 88% neste último ano.

Funcionalidade dos ecosistemas.

A mellora da funcionalidade dos ecosistemas naturais e a protección da biodiversidade abórdase, por unha banda, a través do desenvolvemento dunha estratexia para unha Infraestrutura verde en Galicia, de acordo coa definida pola Comisión Europea para Europa e coa lei estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade que introduce no seu capítulo III a creación da “*Estratexia estatal de Infraestrutura verde e da Conectividade e Restaura-*

ción Ecolóxicas” de forma conxunta pola Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas. A Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia permitirá, non só adiantarse a un futuro requirimento europeo e nacional, senón e sobre todo, reforzará a estrutura ecolóxica básica de Galicia mediante a definición dunha rede de zonas naturais e seminaturais, destinada á protección da biodiversidade e á provisión de servizos ecosistémicos.

Por outra banda, no desenvolvemento de accións no eido da protección, conservación, difusión e fomento dos bens que integran o patrimonio natural de Galicia, cómpre subliñar tanto o inicio das accións para a elaboración de plans de uso e xestión de seis parques naturais e un parque nacional como a creación da Rede de reservas da biosfera de Galicia.

Valorización do patrimonio humano. Protexer o patrimonio cultural

Os indicadores do bloque Patrimonio cultural sinalan a tendencia positiva nas estratexias de valorización do patrimonio cultural incluídas nas DOT. Por unha banda o número de BICs identificados ascende a 730, cifra que supón un incremento do 12% dende 2011, e por outra banda as autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural seguiu aumentando ao longo do período analizado (2013-20016) ata totalizar as 27.429.

Cohesión social e diversidade.

Os indicadores socioeconómicos calculados ofrecen algunhas tendencias con distinto grao de transcendencia para o equilibrio territorial e a cohesión social:

Incremento da mobilidade laboral ao reducirse os índices municipais en indicadores como Autocontención laboral, que reflicte unha menor capacidade dos concellos para contratar a súa poboación residente, o cal redonda nun incremento da necesidade de desprazarse diariamente e polo tanto nun incremento de utilización do transporte, particularmente do privado.

Mellora continuada do acceso potencial da poboación a redes de banda larga de cando menos 30 Mbps en desenvolvemento do Plan de Banda larga 2020 asume o obxectivo establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. Galicia presenta unha cobertura global dun 61,30% da poboación, apreciándose unhas porcentaxes significativamente máis altas nas sete grandes cidades ao igual que no ámbito litoral onde a porcentaxe de poboación con esta cobertura o 67,8%.

Dinámica poboacional cunha tendencia continuada de perda de poboación, baixa natalidade, alto avellentamento, altos índices de dependencia e forte polaridade urbana–rural. No ano 2016, Galicia contaba con 2.718.525 habitantes, case 49.000 menos que en 2006, o que representa unha diminución do 1,8% nun decenio. A isto únese a baixa densidade de poboación, que no rural atópase nun valor medio próximo a 21,8 habitantes por km² fronte aos 91,9 hab/km² do valor medio de Galicia, moi distante dos máis de 1.000 hab/km² de cidades e algunhas vilas.

A actualización dalgúns dos indicadores que atinxen ao sector primario indican o afianzamento de modelos de negocio da denominada Economía verde.

Gran potencial de crecemento da Agricultura ecolóxica que vén mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores. No período 2013-2016 aumentou en case un 77% da superficie inscrita no consello regulador e nun 44% no número de operadores. Cabe resaltar que este crecemento vén xerado de forma maioritaria pola expansión da gandería extensiva con base en prados e pasteiros, sendo as provincias de Lugo e Ourense as que amosan un maior crecemento e actividade, e que o crecemento da superficie é considerablemente superior ao do número de operadores, o cal indica que o as explotacións están crecendo en superficie.

Integración paisaxística.

O ano 2016 supuxo outro paso adiante no desenvolvemento da Lei da paisaxe de Galicia coa elaboración das Directrices da paisaxe como un dos instrumentos para a xestión e protección da paisaxe galega.

O valor da paisaxe supón a necesidade de establecer cautelas sobre a incidencia das actividades humanas. En virtude das distintas normas que operan para evitar impactos negativos na paisaxe, no ano 2016 informáronse máis de 600 expedientes, entre eles figuran o 51 Estudos de impacto e integración paisaxística elaborados en 47 concellos, máis do dobre que en 2015.

O indicador Diversidade paisaxística presenta, para o período 2011–2014, unha diminución tanto en termos de diversidade agrícola que parte dun valor baixo como de diversidade forestal. Por grandes áreas paisaxísticas a maior perda agrícola ten lugar na Mariña Baixa Eo e nas Serras orientais. A cobertura agrícola dominante segue a ser a de "cultivos e prados", cun 24% da superficie, e cunha estrutura moi desigual en tamaño.

A diversidade forestal cun valor alto para Galicia sofre un retroceso que é máis acusado nas Serras surorientais e na Galicia setentrional. As masas de frondosas caducifolia teñen o maior peso relativo co 14% das coberturas forestais aínda que estas “manchas” presentan o menor tamaño medio e unha forte variabilidade deste.

O indicador Índice de xestión das paisaxes amosa unha maior diversidade agroforestal nas comarca litorais do sur de Galicia, mentres que as comarcas de Terra de Chantada e Alto Arnoia, son as que presenta a menor diversidade agroforestal de Galicia.

Táboa de ilustracións

Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2017.....	11
Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT	11
Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2017.....	11
Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos	11
Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2017.....	12
Ilustración 6. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración (2011 – 2017).....	12
Ilustración 7. Esquema da eficacia das Directrices de Ordenación do Territorio.....	24
Ilustración 8. Variación relativa dos usos do solo entre 2005 e 2014	25
Ilustración 9. Variación 2009-2016 de bens inmobles de uso residencial e poboación	26
Ilustración 10. Superficie de solo urbanizable transformado (ha)	27
Ilustración 11. Superficie transformada de solo urbanizable delimitado (SUD) e non delimitado (SUND) transformada segundo o sistema de asentamentos das DOT en 2014 (ha)	27
Ilustración 12. Superficie de solo urbanizable transformada (ha)	28
Ilustración 13. Superficie de solo urbanizable transformado (%).....	29
Ilustración 14. Superficie de solo urbanizable delimitado (SUD) transformado (%)..	29
Ilustración 15. Superficie de solo urbanizable delimitado (SUND) transformado (%)	29
Ilustración 16. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable residencial e/ou non industrial e de solo urbanizable industrial transformada respecto da prevista.....	30
Ilustración 17. Valor da mediana segundo os niveis do sistema de asentamentos ..	31
Ilustración 18. Superficie de solo transformado.....	31
Ilustración 19. Resultados da medida 2 para os concellos do cuarto nivel e do Sistema de cidades	32
Ilustración 20. Resultados da medida 3 para os concellos do cuarto nivel e do Sistema de cidades	32
Ilustración 21. Mediana de solo transformado segundo uso e nivel do sistema de asentamentos (SUD)	33
Ilustración 22. Mediana de solo transformado segundo uso e nivel do sistema de asentamentos (SUND)	33
Ilustración 23. Velocidade ou ritmo da dinámica urbanística	34
Ilustración 24. Grao de axuste temporal do solo urbanizable industrial na dinámica urbanística.....	35
Ilustración 25. Grao de axuste temporal do solo urbanizable residencial ou non industrial na dinámica urbanística.(SUBLE = Solo urbanizable).....	36
Ilustración 26. Grao de axuste temporal para o solo urbanizable segundo os niveis do sistema de asentamento e valor da mediana	37
Ilustración 27. Grao de axuste temporal para o solo urbanizable residencial ou non industrial e para o solo urbanizable industrial.....	38
Ilustración 28. Comparativa. Sistema de cidades	39
Ilustración 29. Comparativa. Sistema urbano intermedio	39
Ilustración 30. Comparativa. Nodos para o equilibrio do territorio	40
Ilustración 31. Comparativa. Outros concellos principais	40

Ilustración 32. Desviacións estándar dos valores de cada concello.....	41
Ilustración 33. Desviacións estándar dos valores por niveis do sistema de asentamentos.....	42
Ilustración 34. Gráfico demandantes de vivenda protexida.....	43
Ilustración 35. Lonxitude de ARPSI e poboación afectada.....	44
Ilustración 36. ARPSI costeiras (km por concello)	45
Ilustración 37. Poboación afectada en ARPSI costeiras (Número de habitantes)....	45
Ilustración 38. ARPSI fluviais (km por concello).....	46
Ilustración 39. Poboación afectada en ARPSI fluvial (Número de habitantes)	46
Ilustración 40. Variación do índice de diversidade agrícola e forestal no período 2011-2014	48
Ilustración 41. Evolución do indicador Índice de xestión das paisaxes agroforestais (2011-2014).....	49
Ilustración 42. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo, de protección da paisaxe de Galicia 2016	50
Ilustración 43. Superficie de interese para a conservación de corredores 2011-2015	51
Ilustración 44. Superficie de espazos naturais protexidos (2016)	52
Ilustración 45. Evolución dos espazos naturais con instrumentos de planificación (2012-2016).....	52
Ilustración 46. Superficie incendiada e número de incendios 2011– 2016.....	53
Ilustración 47. Evolución da superficie incendiada 2011 - 2016.....	53
Ilustración 48. Número de BIC (ano 2016).....	55
Ilustración 49. Evolución das autorizacións 2013-2016	56
Ilustración 50. Variación relativa da poboación no decenio 2006-2016	57
Ilustración 51. Habitantes por Km ² (2016)	58
Ilustración 52. Densidade de poboación na ZPP baixa por concello (2016)	59
Ilustración 53. Porcentaxe de poboación en ZPP baixa (2016).....	60
Ilustración 54. Evolución da porcentaxe de poboación fóra do NET (2013-2016)....	60
Ilustración 55. Porcentaxe de poboación en zona ZPP baixa 2016 en ámbito do POL	61
Ilustración 56. Índice de diversidade de Shannon	63
Ilustración 57. Número de establecementos por cada 1.000 hab (2015)	63
Ilustración 58. Número de establecementos comerciais por cada 1.000 hab (2015)	64
Ilustración 59. Rama de actividade predominante por concello 2016	65
Ilustración 60. Variación da porcentaxe de alumnos formados segundo a familia profesional.....	66
Ilustración 61. Autocontención laboral 2016.....	67
Ilustración 62. Variación da Autocontención laboral 2011 - 2016.....	68
Ilustración 63. Estado da Autosuficiencia en emprego en Galicia.....	69
Ilustración 64. Variación da Autosuficiencia en emprego en Galicia	69
Ilustración 65. Poboación con cobertura redes fixas de >30 Mbps (%).....	70
Ilustración 66. Evolución do número de certificados con SXA (EMAS) en vigor segundo rama de actividade (2013 a 2016)	71
Ilustración 67. Número de instalacións con autorización ambiental integrada (AAI) vixentes (2016).....	72
Ilustración 68. Superficie total rexistrada e núm. de operadores (CRAEGA)	73

Ilustración 69. Superficie total rexistrada a nivel provincial	73
Ilustración 70. Especialización gandeira: Total de unidades gandeiras (UG) de bovino, ovino-caprino e equino.....	74
Ilustración 71. Especialización gandeira: UG por especies	74
Ilustración 72. Número de vacas 2012-2014	75
Ilustración 73. Prazas de porcino 2011-2014	75
Ilustración 74. Carga gandeira 1999-2013	76
Ilustración 75. Evolución relativa da especialización agrícola 2011 -2016	77
Ilustración 76. Especialización agrícola relativa en 2016	77
Ilustración 77. Producción acuícola por grupo de especies (%). Comparativa anos 2011 e 2016.....	77
Ilustración 78. Número de buques con porto base en Galicia segundo zona administrativa. Comparativa anos 2011 e 2016.....	78
Ilustración 79. Ocupación na pesca e na acuicultura mariña no ano 2015.....	78
Ilustración 80. Evolución da superficie con instrumentos de xestión e ordenación ..	79
Ilustración 81. Superficie con instrumentos de xestión e ordenación 2016	79
Ilustración 82. Intensidade da oferta turística (2016).....	80
Ilustración 83. Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto (2015).....	81
Ilustración 84. Intensidade enerxética final e consumo enerxía final.....	83
Ilustración 85. Consumo final bruto de enerxía renovable (%)	84
Ilustración 86. Consumo (GWh/ano) final bruto de electricidade xerada a partir de fontes renovables	84
Ilustración 87. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables	85
Ilustración 88. Consumo de biocombustibles no transporte terrestre	86
Ilustración 89. Evolución da calidade das augas de baño Galicia	87
Ilustración 90. Evolución da calidade das augas de baño , ámbito POL	87
Ilustración 91. Evolución do estado das masas de auga 2009 – 2015	88
Ilustración 92. Masas de auga segundo estado total e categoría na DHGC 2009 e 2015	88
Ilustración 93. Evolución do indicador 2011 – 2016 en Galicia	89
Ilustración 94. Evolución do indicador 2011 – 2016 en ámbito POL.....	89
Ilustración 95. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011 -2016)	90
Ilustración 96. Evolución do indicador 2011 - 2016	90
Ilustración 97. Índice de evolución anual de emisións de CO2 equivalentes (%) Emisións de GEI en Galicia (2011-2014)	90